| CU01. Avaliación calidade de vida dos cidadáns                           | Subindicadores para accións programadas de mellora calidade vida  |  |
| CU02.- Análise intelixente consumo auga                                  | Consumos non xustificados e perdas de rede  | Consumos históricos / Datos comportamento social edificio                      |
| CU03.- Analítica mercadorías en contorna urbana                          | Mobilidade e tránsito urbano  | Saídas e entradas de tránsito vinculados                                       |
| CU04.- Calidade do aire exterior (básica)                                | Datos calidade de aire desagregados / Alarmas de saúde ambiental  | Saídas e entradas de tránsito vinculados / Datos comportamento social edificio |
| CU07.- Mapas e informes meteorolóxicos                                   | Datos ambientais externos desagregados a tempo real   |  |
| CU08.- Detección de ruído exterior                                       | Nivel de ruído para determinar contaminación acústica, a súa tipoloxía e un sistema de alertas de medidas correctoras                                     | Saídas e entradas de tránsito vinculados / Datos comportamento social edificio |
| CU09.- Análise intelixente consumo enerxía eléctrica e térmica           | Xeración accións de eficiencia e consumo enerxético responsable / Alarmas de consumo en situacións de uso indebido do espazo fose do horario de ocupación | Consumos históricos / Datos comportamento social edificio                      |
| CU10.- Xestión eficiente consumos e compromiso de usuarios concienciados | Accións programadas para favorecer comportamentos sustentabilidade ambiental dos usuarios   | Consumos históricos / Datos comportamento social do edificio                   |
| CU11.- Confort térmico en interior                                       | Medición do equilibrio térmico óptimo / Detección valores anómalos parámetros ambientais internos e xeración sistema de alertas                           | Datos comportamento social do edificio   |
| CU12.- Control de ruído interior   | Nivel de ruído para determinar contaminación acústica, a súa tipoloxía e un sistema de alertas de medidas correctoras                                     | Datos comportamento social edificio  |
| CU13.- Calidade do aire interior   | Datos avaliación calidade aire interior que determinan ausencia contaminantes prexudiciais para a saúde das persoas                                       | Datos comportamento social do edificio   |
| CU14.- Calidade lumínica   | Datos de luz dinámica e difusa de orixe natural que deseñan estratexias de aforro enerxético  | Datos comportamento social do edificio   |

|   |  |  |
|---|--|--|
| CU15.- Creación dun "timetable" dinámica de transporte urbano único para a cidade   | Datos de demanda de mobilidade urbana para mellorar planificación itinerarios polos operadores e xestión mobilidade sustentable en contornas urbanas | Horarios de trens e incidencias no tráfico ferroviario |
| CU17.- Medida de ocupación en edificios e espazos públicos                          | Datos de ocupación en tempo real   | Datos de comportamento social do edificio              |
| CU18.- Afluencia de visitantes. Caracterización e medición da chegada de pasaxeiros | Datos de afluencia turística a cidade (portos, aeroportos, estacións tren, autobuses) para adecuación servizos-cidade                                | Viaxeiros de saída e chegada                           |
| CU24VIN.- Monitorización do transporte activo                                       | Datos monitorizados e parámetros de calidade urbana que favorecen o transporte activo (camiñar ou ir en bicicleta)                                   | Datos de comportamento social do edificio              |

Adicionalmente a estes casos de uso, e en cumprimento do detallado na norma UNE 178109:2018 "Cidades Intelixentes. Estación intelixente e conexión coa plataforma de cidade intelixente", tamén será obxecto do presente convenio o intercambio de información entre cidade e estación, co obxectivo de mellorar a xestión dos servizos da cidade e das estacións, e por tanto, mellorar a experiencia do cidadán.

Durante a execución do proxecto, e baixo a supervisión da Comisión de Seguimento, identificaranse as necesidades concretas de sensorización e Nodo IoT para cada caso de uso, así como a información a intercambiar entre Cidade e Estación.

Todos estes casos de uso desenvolveranse ao longo da vixencia do convenio, coa priorización e alcance que se acorde no seo da comisión de seguimento.

O intercambio de información estrutúrase nos 5 alicerces detallados na Norma:

| CASOS DE USO   | Información Concello ↔ ADIF  | Información ADIF ↔ Concello   |
|--|--|---|
| <b>XESTIÓN MOBILIDADE (Elixir o mellor modo de transporte)</b> |  |   |
| MODOS DE TRANSPORTE  | MODOS DE TRANSPORTE PRÓXIMOS:<br>localizacións paradas, horarios, frecuencias, prezos, dispoñibilidade, accesibilidade, ...<br>PUNTOS RECARGA VE (vehículos eléctricos)<br>INCIDENCIAS | TRÁFICO FERROVIARIO:<br>Conexións e horarios de trens<br>INCIDENCIAS en Estación e en rede ferroviaria<br>Nº VIAXEIROS de trens |
| TRÁFICO  | Estado e restricións circulación en cidade (fundamentalmente en arredores estación)  |   |



## Concello de Vigo

|  |  |   |
|--|--|---|
| APARCADOIROS PRÓXIMOS  | PRÓXIMOS A ESTACIÓN: localización, horarios, aforamento e ocupación (prazas en xeral, prazas PMR, coches eléctricos, ...), prezos e ofertas, servizos ofrecidos, etc | EN ESTACIÓN: localización, horarios, aforamento e ocupación (prazas en xeral, prazas PMR, coches eléctricos, ...), prezos e ofertas, servizos ofrecidos, etc. |
| ACCESOS E ACCESIBILIDADE   | Accesos máis óptimos á estación (peonís, accesibles, rodados e transporte público, etc)  | Accesos e percorridos accesibles<br>Servizos accesibles, ...  |
| TAXIS  |  | Xestión de bolsa de taxis   |
| <b>SUSTENTABILIDADE (Contribuír a unha cidade máis sustentable)</b>            |  |   |
| XESTIÓN AMBIENTAL  | Mapa en tempo real calidade de aire e condicións atmosféricas peri-edificio  | Información que poida afectar á actividade da cidade: consumos de auga e enerxía, pegada ecolóxica, sensores de actividade, ...                               |
| RESIDUOS   | Xestión de residuos e puntos limpos: frecuencias de recollida  | Localización e nivel de enchido   |
| XESTIÓN ENERXÍA (SERVIZOS ESENCIAIS)   | Asegurar prestación servizos esenciais (auga, enerxía, gas) en Estacións (edificios considerados como infraestrutura crítica)  |   |
| <b>TURISMO (Orientar para conseguir a mellor oferta turística)</b>             |  |   |
| OFERTA TURÍSTICA   | OFERTA TURÍSTICA / EVENTOS EN CIDADE e TERRITORIO: culturais, de lecer e deportivos, feiras, festas locais e autonómicas, congresos, festivais, ....                 | EVENTOS EN ESTACIÓN: culturais, de lecer e deportivos, feiras, congresos, festivais, etc.<br>OFERTA COMERCIAL<br>VIAXEIROS: previsión, perfil, etc.           |
| OFERTA CULTURAL  | MUSEOS e EDIFICIOS DE INTERESE: localización, horarios, tempos de espera, tarifas, horarios, ofertas, bonificacións, etc.  |   |
| PRAIAS   | Localización, valoración, aforamento e ocupación, calidade da auga, servizos ofertados, etc.   |   |
| ALOXAMENTOS  | PRÓXIMOS A ESTACIÓN: Localización, nivel de ocupación, mapas de prezo por zonas, conexións, etc.   |   |
| SERVIZOS DE INFORMACIÓN Ao CIDADÁN   | Puntos de información, sistema de queixas, notificación de incidencias   |   |
| CONDICIÓN METEOROLÓXICAS   | Actuais e previsión  |   |
| <b>HIPERCONNECTIVIDADE (Interactuar para mellorar a valoración do servizo)</b> |  |   |

|  |  |  |
|--|--|--|
| SERVIZOS PÚBLICOS  | SERVIZOS PÚBLICOS:<br>Localización, horarios, servizos ofrecidos, nivel de ocupación, tempos de espera,....                                    | SERVIZOS À CLIENTE:<br>localización, horarios, servizos ofrecidos (información, atención ao cliente, venda de billetes, salgas club, consignas, ...) nivel de ocupación, tempos de espera, |
| <b>SEGURIDADE (Percibir unha estación e contorna máis seguros)</b> |  |  |
| SERVIZOS DE EMERXENCIAS  | HOSPITAIS, EQUIPOS DE EMERXENCIA e CORPOS DE SEGURIDADE: Localización, horarios, servizos ofrecidos, nivel de ocupación, tempos de espera, ... | EQUIPOS DE EMERXENCIA, DESFIBRILADORES e outros equipamentos de seguridade e saúde a clientes  |
| INCIDENCIAS  | INCIDENCIAS NA CIDADE (con ou sen afectación para a estación): concentracions, manifestacions, ....  | INCIDENCIAS EN ESTACIÓN: Aforamento total e por zonas  |
| ALARMAS / RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE                             | ALARMAS / RECOMENDACIÓNS DE SEGURIDADE   | ALARMAS EN ESTACIÓN: Incendio, fume, gases aparcadoiro, auga en aparcadoiro, cortes de subministración eléctrica, auga, comunicacions, ...   |

2º Tenente de Alcalde e Concelleiro de Fomento e Servizos do Concello de Vigo, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

A Presidenta de ADIF e de ADIF-ALTA VELOCIDADE  
Dña. María Luisa Domínguez González

### **3(28).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO RESPONSABLE DA INFORMACIÓN DO COMITÉ DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9806/113.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/01/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, a titular de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

- **Antecedentes**

En XGL de data 30 de decembro de 2016 acordouse a aprobación do documento de “Política de Seguridade da Información” do Concello de Vigo, dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010 de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (expediente 6870/113).

A XGL en data 20/01/2017 en sesión ordinaria, adoptou acordo de constitución e nomeamento dos membros do Comité de Seguridade da Información de acordo co documento de “Política de Seguridade da Información” en función dos perfís e roles definidos no mesmo, nomeando como Responsable da Información a D. Javier Pardo Espiñeira en función da súa condicións como Concelleiro Delegado de Administración Electrónica nesa data.



## Concello de Vigo

En relación coa aplicación das previsións dos Esquemas Nacionais de Seguridade e de Interoperabilidade (ENS e ENI) ao Concello de Vigo, a Xunta do Goberno local en sesión do 16 de marzo de 2017, acordou aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, a correspondente normativa técnica (expediente número 8109/113).

Mediante as competencias atributivas no artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en virtude do Decreto de delegación da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de novembro de 2020 e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, foi nomeada Dna. Patricia Rodríguez Calviño como Concelleira delegada de Administración Electrónica,

### • Consideracións xurídicas

I. O artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que o ENS ten por obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos e o seu ámbito de aplicación alcanza ás Administracións públicas, á cidadanía nas súas relacións coas Administracións públicas e ás relacións entre as propias Administracións públicas.

II. O Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e a súa modificación que tivo lugar polo RD 915/2015 de 23 outubro, ten como obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos e está constituído por principios básicos e requisitos mínimos que permitan una protección adecuada da información. Na disposición transitoria do Real Decreto 3/2010 artículase un mecanismo escalonado para a adecuación ao previsto no Esquema Nacional de Seguridade. De acordo co disposto no artigo 10 do real Decreto citado anteriormente, e de conformidade co establecido na Guía de Seguridade (CCN-STIC-801) pola que se regulan as responsabilidades e funcións no Esquema Nacional de Seguridade establece a constitución e composición do Comité de Seguridade da Información.

III. O Documento de Políticas de seguridade da información aprobado polo acordo da Xunta do Goberno Local do 30 de decembro de 2016 refírese á constitución do Comité de Seguridade da Información. O apartado "Organización da Seguridade" de dito Documento establece que será función da Xunta de Goberno Local a constitución do Comité de Seguridade da información e no seu primeiro punto establece asimesmo as funcións e a súa composición, estando integrado por: un Responsable da Información, un Responsable do Servizo, un Responsable de Seguridade e un Responsable do Sistema. No segundo punto "Roles: funcións e responsabilidades" identifícanse as funcións, así como o perfil de cada un dos integrantes do Comité de Seguridade.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe Xurídico, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### **Proposta**

Actualizar o nomeamento do Comité de Seguridade da Información, de acordo cos perfís esixidos no documento de Seguridade da Información, que queda integrado polos seguintes membros:

- a. Responsable da Información: Dna. Patricia Rodríguez Calviño, Concelleira con competencias delegadas en Administración Electrónica.
- b. Responsable do Servizo: D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral
- c. Responsable de Seguridade: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electrónica.
- d. Responsable do Sistema: D. José Francisco Mourelle González, Técnico de Sistemas.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(29).-RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DESESTIMATORIO DE AXUDA CON CARGO ÁS «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021». EXPTE. 216145/301.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, o asesor xurídico adscrito á Xefatura de Benestar Social e a concellería-delegada de Área, que di o seguinte:

**I. FEITOS/ANTECEDENTES**

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.03.2021 aprobáronse as Bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 212964/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 58 do 26.03.2021.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP nº 63, do 06.04.2021, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 157, que foron tramitadas polo órgano instructor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (111), as que quedarían na lista de agarda (22) e as denegadas (24), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07.10.2021, acordou:

- *«PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi 2021 ás 111 primeiras persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuario de bono-taxi. Relaciónanse no Anexo I que comenza por \*\*\*5812\*\* cunha renda per cápita mensual de 21,41€ e finaliza por \*\*\*5289\*\* cunha renda per cápita mensual de 988,65€ por cumprir os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria e existir orzamento para a concesión (...).*

*(...) O gasto total (24.900,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”). RC-202000032451.*



## Concello de Vigo

- *SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda, integrada polas seguintes 22 persoas, relacionadas no Anexo II, que cumpren tamén os requisitos esixidos. Iniciase pola persoa con DNI nº \*\*\*7724\*\*\*, cunha renda per cápita mensual de 991,77€, e finaliza coa persoa con DNI nº \*\*\*6499\*\*, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*
- *TERCEIRO.- Desestimar as solicitudes de subvención das persoas que se relacionan no Anexo III, que comeza pola persoa con DNI nº \*\*\*2898\*\* e finaliza coa persoa con DNI nº \*\*\*7121\*\*, reseñándose en cada caso o motivo da súa desestimación...».*

I.5. Nese Anexo III (“Solicitudes desestimadas 2021”) figuraba, co número 23, a solicitude de D<sup>a</sup>. María Teijeiro Alvariño, por incumprir o requisito da Base 6<sup>a</sup>, apartado e): dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente 564,90€/mes (16.947,00 € anuais ou 1.412,25 € mensuais).

I.6. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 03.11.2021 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 210221189) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDlex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.

- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D<sup>a</sup>. María Teijeiro Alvariño diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2021.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a revisión dos ingresos considerados e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Teijeiro Alvariño, que propoñemos DESESTIMAR toda vez que, a declaración do IRPF que achegou para acreditar os seus ingresos corresponde en realidade ó exercicio de 2020, cando a Base sétima, Apdo. 4.1, precisa que se valorarán os ingresos percibidos no exercicio de 2019. Así as cousas, recabados da AEAT os ingresos da interesada no 2019 estes ascenden a 20.613,87 €, polo que sí supera o límite establecido na Base sexta, Apdo. e): 16.947,00 € anuais ou 1.412,25 € mensuais.

### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO





## Concello de Vigo

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por D<sup>a</sup>. María Teijeiro Alvariño (DNI/NIE/Pasaporte nº \*\*\*1130\*\*) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2021, que desestimou a súa solicitude de axuda con cargo ás «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONES DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2021» (BOP n.º 58, do 26.03.2021), por superar os seus ingresos, no exercicio considerado, 2019 (Base sétima, Apdo. 4.1) o límite establecido na Base sexta, Apdo. e): 16.947,00 € anuais ou 1.412,25 € mensuais.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(30).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 266/2021 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO POR SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA CONTRA OS PREGOS DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN PARCIAL DA ESCOLA INFANTIL DE MESTRES GOLDAR CASTRELOS. EXPTE. 25377/332.**

Dáse conta da proposta de data 11/01/2022, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 266/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 265/2021, interposto por SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA. contra os pregos da contratación do servizo de xestión parcial da escola Infantil de Mestres Goldar Castrelos, expediente 25377-332 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar parcialmente o recurso interposto por SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA contra os pregos da contratación do servizo de xestión parcial da escola Infantil de Mestres Goldar Castrelos, expediente 25377-332 do Concello de Vigo.
2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Educación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento de establecer o presuposto base de licitación de acordo co artigo 100 da LCSP e tendo en conta a resolución 266/2021 Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(31).-PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUEIRO DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA (LOTES LOTES 1, 2, 3, 6 E 7) EXPTE. 24875/332.**

Visto o informe de fiscalización do 14/01/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) (lotes lotes 1, 2, 3, 6 e 7)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332)



## Concello de Vigo

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 21 de outubro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos Colexios de Educación infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa ‘Vigo Emprega’.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de 23/09/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 30/09/2021 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 145.609,48 euros IVE incluído (21,175,51 euros no exercicio orzamentario 2021 e 124.433,97 euros no exercicio 2022) para a contratación da subministración de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos Colexios de Educación Infantil e primaria, polo persoal beneficiario do programa ‘Vigo Emprega’, por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.212.0000 (Reparacións e mantemento edificios dos colexios).*

*O valor estimado do contrato estipúlase en 120.338,41 euros.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de decembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 polo que non se admite a GARCI VENTA, S.L. nos lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 deste procedemento polo motivo previsto na cláusula 14.1 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) na seguinte orde descendente:*

- Lote 1: Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros:

|   | <b>Licitador</b>                                 | <b>Puntuación total</b> |
|---|--|-------------------------|
| 1 | MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. | 100 puntos              |

- Lote 2: Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios:

|   | <b>Licitador</b>                                 | <b>Puntuación total</b> |
|---|--|-------------------------|
| 1 | MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. | 100 puntos              |

- Lote 3: Materiais para útiles e consumibles:

|   | <b>Licitador</b>                                 | <b>Puntuación total</b> |
|---|--|-------------------------|
| 1 | MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. | 95,33 puntos            |
| 2 | TORRES Y SÁEZ, S.A.U.                            | 10,00 puntos            |

- Lote 5: Materiais para carpintería de aluminio:

|   | <b>Licitador</b> | <b>Puntuación total</b> |
|---|------------------|-------------------------|
| 1 | HIROMEGAL, S.L.  | 100 puntos              |

- Lote 6: Materiais para fontanería e saneamento:

|   | <b>Licitador</b>                                 | <b>Puntuación total</b> |
|---|--|-------------------------|
| 1 | ICOGA, S.L.                                      | 100,00 puntos           |
| 2 | MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. | 56,76 puntos            |

- Lote 7: Material para instalacións eléctricas:

|   | <b>Licitador</b>                                 | <b>Puntuación total</b> |
|---|--|-------------------------|
| 1 | MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. | 100 puntos              |

**Terceiro.-** *Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) (lotes 1, 2, 3 e 7), HIROMEGAL, S.L. (lote 5) (B-27.741.941) e ICOGA, S.L. (B-36.683.035) (lote 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) (lotes 1, 2, 3 e 7), HIROMEGAL, S.L. (lote 5) (B-27.741.941) e ICOGA, S.L. (B-36.683.035) (lote 6), o día 15 de decembro de 2021. Durante o prazo presentan documentación MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.e ICOGA, S.L. HIROMEGAL, S.L. non presenta documentación ningunha.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 30 de decembro de 2021 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade:

- *“Conceder un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 7) e ICOGA, S.L. (lote 6) para que completen a documentación esixida na resolución do 10 de decembro de 2021*
- *Entender retirada a oferta presentada por HIROMEGAL S.L. no lote 5 ao non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento no prazo sinalado 8artigo 150.2 da LCSP”*

**Quinto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 13 de xaneiro de 2022, acordou:

*“Declarar deserto o lote 5 “Materiais para carpintería de aluminio” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) porque a Mesa entendeu retirada a única oferta presentada ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP”.*

**Sexto.-** Durante o prazo concedido, MATERIALES DE CONSTRUCCION FERNANDO ALONSO, S.L e ICOGA, S.L. presentaron documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xaneiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 1, 2, 3, 6 e 7 deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3, 6 e 7, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. e ICOGA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar os referidos lotes.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas máis vantaxosas para a administración contratante son as formuladas por MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 3 e 7) e ICOGA, S.L. (lote 6), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 3 de decembro de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de novembro de 2021 polo que non se admite a GARCI VENTA, S.L. nos lotes 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 deste procedemento polo motivo previsto na cláusula 14.1 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.*

*- Adxudicar a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (B-36.641.132) os lotes 1, 2, 3 e 7 do procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do lote 1 “Materiais de construción, formigóns, morteiros e outros” é de 17.795,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.088,40 euros, cunha baixa proporcional única do 25% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 10% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*
- b) O prezo total do lote 2 “Materiais para pavimentos, aplacados e aparatos sanitarios” é de 41.684,27 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.234,46 euros, cunha baixa proporcional única do 10% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 3% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*
- c) O prezo total do lote 3 “Materiais para útiles e consumibles” é de 2.341,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 406,34 euros, cunha baixa proporcional única do 20% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 5% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*
- d) O prezo total do lote 7 “Materiais para electricidade” é de 12.715,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.206,77 euros, cunha baixa proporcional única do 20% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 10% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*

*- Adxudicar a ICOGA, S.L. (B-36.683.035) o lote 6 “Materiais para fontanería e saneamento” do procedemento aberto para a contratación do subministro de*



## Concello de Vigo

*material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (24.875-332) por un prezo total de 8.884,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.541,94 euros, cunha baixa proporcional única do 18% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT e do 10% a aplicar a cada unha das unidades non previstas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(32).-PAGAMENTO DAS AXUDAS DE CUSTO ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO SETEMBRO A DECEMBRO DE 2021. EXPTE. 25668/332.**

Visto o informe de fiscalización do 13/01/2022, dáse conta do informe-proposta do técnico medio de actividades culturais e educativas, o concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), recolle no seu artigo 126 que entre os membros que componen os Consellos Escolares dos centros de ensino público estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Estes representantes municipais nos consellos escolares dos centros públicos de educación infantil, primaria e secundaria, desempeñarán as atribucións e competencias que están establecidas no artigo 127 da LOE, vixente despois da entrada en vigor da LOMLOE. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e de educación especial.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de decembro de 2020, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2021 (Expte 24723/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selec-

ción de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o **02 de Setembro ate 21 de decembro do 2021, elévanse á cantidade de 157 consellos escolares.**

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo setembro a decembro de 2021, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

#### **PROPOSTA:**

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **5.945,58.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo setembro a decembro de 2021, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: \*\*\*\*4805, GRUPO A2  
(06/09/2021 - 14/12/2021) ..... 25 X 39,78.-€ ..... 994,5.-€





## Concello de Vigo

|  |                     |           |
|--|---------------------|-----------|
| Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: ****0259, GRUPO A1<br>(19/10/2021 - 21/12/2021) .....        | 4 X 39,78.-€ .....  | 159,12.-€ |
| Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: ****9300, GRUPO C1<br>(07/10/2021 – 25/11/2021) .....        | 6 X 36,72.-€ .....  | 220,32.-€ |
| Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: ****6809, GRUPO A1<br>(08/09/2021 - 16/12/2021) .....              | 15 X 39,78.-€ ..... | 596,7.-€  |
| Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ****8643, GRUPO C1<br>(08/09/2021 - 14/12/2021) .....            | 13 X 36,72.-€ ..... | 477,36.-€ |
| Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ****1654 GRUPO C1<br>(09/09/2021 - 15/12/2021) .....           | 15 X 36,72.-€ ..... | 550,80.-€ |
| Zona 8.- MARÍA I. BILBAO ECHEGARAY, NIF: ****4812, GRUPO C1<br>(15/09/2021 – 14/12/2021) .....       | 14 X 36,72.-€ ..... | 514,08.-€ |
| Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: ****8668, GRUPO A2<br>(16/09/2021 - 14/12/2021) .....     | 8 X 39,78.-€ .....  | 318,24.-€ |
| Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ****7074, GRUPO C1<br>(02/09/2021 - 14/12/2021) .....        | 21 X 36,72.-€ ..... | 771,12.-€ |
| Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ****7554, GRUPO A2<br>(05/09/2021 - 02/11/2021) .....           | 3 X 39,78.-€ .....  | 119,34.-€ |
| Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 3606****, GRUPO A2<br>(09/11/2021 - 17/12/2021) .....          | 4 X 39,78.-€ .....  | 159,12.-€ |
| Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: ****5364, GRUPO C1<br>(07/09/2021 - 14/12/2021) ..... | 9 X 36,72.-€ .....  | 330,48.-€ |
| Zona 14.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ****2591, GRUPO C2<br>(02/09/2021 - 14/12/2021) .....     | 11 X 36,72.-€ ..... | 403,92.-€ |
| Zona 15.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ****7780, GRUPO C2<br>(03/09/2021 - 10/12/2021) .....       | 9 X 36,72.-€ .....  | 330,48.-€ |

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(33).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE.16774/332.**

Visto o informe xurídico do 12/01/2022 e o informe de fiscalización do 14/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 10/01/2022, asinado pola xefa de Educación, o

concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes

1.- O 15/03/2016 a Xunta de Goberno Local adxudica a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da Escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrellos (expte 16774-332), polo seguinte importe anual:

| Escola                                  | Importe             |
|---|---------------------|
| Xestión EIM Mestres Goldar - Castrellos | 166.260,00<br>€/ano |

2.- No PCAP fíxase unha duración do contrato de catro anos (do 08/04/2016 ao 07/04/2020) e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos.

No punto 3.J) do Anexo I (Follas de Características do Contrato -FEC-) do PCAP indícase, en relación á revisión de prezos, o seguinte:

#### J) PROCEDE REVISIÓN DE PREZOS: si

Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe.

Se aplicará o seguinte sistema de revisión:

- So será obxecto de revisión de prezos a porcentaxe que representan os gastos de persoal na estrutura de custes do contrato. O resto dos conceptos que compoñan esta estrutura de custes non se revisarán.
- Os prezos se revisarán sempre e cando se modifiquen as táboas salariais establecidas no convenio colectivo do sector que lle sexa de aplicación, agás que se trate dun convenio de empresa, en cuxo caso as subidas salariais non darán lugar en ningún caso a unha revisión de prezos.
- A porcentaxe de revisión será a mesma que experimenten as táboas salariais no citado convenio do sector de aplicación.
- O licitador deberá solicitar a revisión de prezos por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello e acreditar documentalmente a variación experimentada polo convenio colectivo de aplicación.
- A revisión de prezos se efectuará nos termos e prazos previstos no capítulo II do Título III do Libro Primeiro do TRLCSP.

3.- A Xunta de Goberno Local de data 12/03/2020 aprobou a revisión do prezo do contrato, en base á solicitude efectuada por Colegio Los Milagros SL con data 29/11/2019, revisión tra-la cal quedou o novo prezo anual do contrato establecido en 178.607,72 €/ano.

4.- A Xunta de Goberno Local de data 21/01/2021 aprobou a revisión do prezo do contrato, en base á solicitude efectuada por Colegio Los Milagros SL con data 20/11/2020, revisión tra-la cal quedou o novo prezo anual do contrato establecido en 181.872,22 €/ano.

5.- Colegio Los Milagros SL, mediante escrito de data 02/10/2021 solicita, en base á disposición citada, unha nova revisión do prezo do contrato dende o día 1 de setembro de 2021. As táboas salariais do vixente "XII Convenio Colectivo de ámbito estatal de centros de



## Concello de Vigo

asistencia y educación infantil”, modifican os seus importes a partir do 01/09/2021, data sobre a que procede traballar para estimar esta nova solicitude de revisión do prezo do contrato. Na Disposición Transitoria Octava indícase tamén que “*En el caso del que el IPC del periodo comprendido entre el 1 de setiembre y el 31 de agosto de 2021 fuese superior al 2 por 100, se revisarán las mismas en el exceso de la indicada cifra con caracter retroactivo desde el 1 de setiembre de 2021, actualizándose salarios y tablas para posteriores subidas salariales*”. O incremento do IPC do periodo indicado foi do 3,1%, polo que procede incrementar os importes salariais da táboa nun 1,1%.

### II.- Cálculos para a revisión de prezos.

En data 07/01/2022 o técnico de Educación informa:

“Para a súa materialización terase en conta o seguinte:

- No presuposto do servizo incluído na oferta presentada por Colegio Los Milagros SL, indícase que a porcentaxe relativa a custos de persoal no prezo ofertado é o 79,99%.
- Nas táboas salariais de aplicación, materialízanse os seguinte incrementos naquelas categorías que son obxecto de contratación na prestación do servizo contratado:

| Categoría                   | N.º traballadores estimado | Salario mes convenio a partir de 01/09/2020 | Salario mes convenio a partir de 01/09/2021 (*) | Diferencia | Diferencia (14 pagas) | Total por categoría |
|-----------------------------|----------------------------|---|---|------------|-----------------------|---------------------|
| Director/a pedagóxico       | 1                          | 1.465,97 €                                  | 1.525,25  | 59,28      | 829,92                | 829,92              |
| Educador/a infantil         | 4                          | 945,98 €                                    | 1.156,92  | 210,94     | 2.953,16              | 11.812,64           |
| Persoal de apoio            | 2                          | 950,00 €                                    | 1.047,72  | 97,72      | 1.368,08              | 2.736,16            |
| Persoal de cociña e limpeza | 2                          | 950,00 €                                    | 1.047,72  | 97,72      | 1.368,08              | 2.736,16            |
| <b>Total</b>                |                            |   |   |            |                       | <b>18.114,88</b>    |

(\*) Valores da táboa (1.508,66; 1.144,33; e 1.036,32 respectivamente) incrementados nun 1,1%

- Procedería, pois, incrementar en 18.114,88 euros, relativos ao incremento de custos de persoal, para calcular o novo prezo anual do contrato
- Estas novas contas terían vixencia desde o 1 de setembro de 2021, polo que existen atrasos a favor da empresa adxudicataria, ademais de establecer un novo prezo do contrato para as facturacións mensuais que a partir da agora procedan.
- Deste xeito:  $18.114,88 + 181.572,22 = 199.687,10$  euros, novo prezo anual do contrato.
- Así pois, o novo prezo mensual do contrato será: 18.153,37 euros

En consecuencia do anteriormente exposto, os atrasos a favor da empresa adxudicataria serían os seguintes:

2021: diferencias na facturación mensual de setembro, outubro, novembro e decembro: 1.646,80 (18.153,37 – 16.506,57) x 4 = **6.587,20 euros**. A partir de xaneiro de 2022, a factura mensual deste contrato será de 18.153,37 euros.”

### III.- Competencia e proposta.

A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Por razón temporais son de aplicación a este contrato adxudicado pola XGL o 15 de marzo de 2016 os arts. 89 e ss. do TRLCSP 3/2011 antes da súa modificación pola Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, en cuxa Disposición transitoria se establece que o réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP cuxo expediente de contratación se iniciase antes da entrada en vigor do Real Decreto de desindexación ó que se refiren os arts. 4.3 e 5 da Lei (03/02/2017) será o previsto nos Pregos correspondentes.

A Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, é o órgano competente para adoptar o acordo de revisión de prezos (art. 127 LRBRL e Disposición Adicional segunda. apdo. 3 TRLCSP).

Previamente a remitir expediente á Secretaría da Xunta de Goberno Local, para a súa inclusión na orde do día, a Intervención Xeral deberá emitir informe de fiscalización favorable (art. 214 TRLRFL e Disposición Adicional segunda, apdo. 8 TRLCSP).

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato da xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos, pola variación das táboas salariais contempladas no convenio de aplicación a partir do 01/09/2021, quedando o **prezo anual do contrato en 199.687,10 euros**, en vez dos 181.572,22 euros actuais.

2º.- Recoñecer en concepto de **atrasos**, polo periodo comprendido entre o 1/09/2021 e o 31/12/2021, o seguinte importe:

- ✓ Setembro, outubro, novembro e decembro de 2021:  $1.646,80 \times 4 = 6.587,20$  euros
- ✓ TOTAL: **6.587,20 euros**

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 3230-2279914 "EIM Mestres Goldar" e bolsa de vinculación.

3º.- Importe da facturación **mensual** a partir do mes de xaneiro de 2022: **18.153,37 euros**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(34).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DE OUTORGAMENTO DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN**



## Concello de Vigo

### **LABORAL DOS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO-CAPACITA VI. EXPTE. 18274/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 11/01/2022, asinado pola técnica de Xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión ordinaria do 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

*1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA VI", conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 27 de decembro de 2019.*

II. Dito acordo foi rectificadno no punto primeiro, na sesión ordinaria do 1 de xullo de 2021 da Xunta de Goberno Local, por non estar recollido o importe de 30.000€ de incentivos a contratación, quedando redactado do seguinte xeito:

*Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, así como a cantidade concedida de 30.000 euros para incentivos á contratación laboral dos participantes no Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI" .*

III. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021, aprobou as **Bases Reguladoras e Convocatoria dos INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO VIGO CAPACITA VI. EXPTE 18274/77.**

As ditas bases e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS se publicaron, respectivamente, no BOP núm. 159, do 19 de agosto de 2021 e BOP núm. 175, do 10 de setembro, así como, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a

concorrenza de solicitudes durante o prazo dun mes, dende o día seguinte á súa publicación no BOP ata o 11/10/2021.

IV. Con data 23/12/2021, a Xunta de Goberno Local, acordou:

**“PRIMEIRO: CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás empresas/persoas empregadoras que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700007 denominada “Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI”, do vixente exercicio presupostario, por importe de **27.000,00 €** (vinte e sete mil euros), un total de **18** incentivos á contratación:

| ORDE | EXP.     | Nº DOC.   | DATA REXISTRO | NOME                                 | CIF/NIF   | Nº INCENTIVOS CONCEDIDOS | ESPECIALIDADE               | IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|------|----------|-----------|---------------|--------------------------------------|-----------|--------------------------|-----------------------------|------------------------------|
| 1    | 18682/77 | 210186903 | 13/09/21      | LABULLABESA SL                       | B36971240 | 2                        | 1.RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA  | 3.000,00 €                   |
| 2    | 18683/77 | 210189347 | 16/09/21      | NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA        | B27881754 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 3    | 18686/77 | 210190439 | 20/09/21      | KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA        | B27874122 | 3                        | RESTAURACIÓN                | 4.500,00 €                   |
| 4    | 18687/77 | 210190536 | 20/09/21      | BEN FEITO 2014 SL                    | B27811330 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 5    | 18688/77 | 210190541 | 20/09/21      | TRES ELEVADO A CERO, S.L.            | B16778060 | 4                        | 2.RESTAURACIÓN<br>2.COCIÑA  | 6.000,00 €                   |
| 6    | 18690/77 | 210190847 | 20/09/21      | CIUDAD DE VIGO SL                    | B36613347 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 7    | 18696/77 | 210192610 | 22/09/21      | MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA    | B27851146 | 2                        | 1. RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA | 3.000,00 €                   |
| 8    | 18703/77 | 210194573 | 24/09/21      | SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL          | 3617***** | 1                        | COCIÑA                      | 1.500,00 €                   |
| 9    | 18717/77 | 210197217 | 29/09/21      | LOLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA | B01777945 | 1                        | COCIÑA                      | 1.500,00 €                   |
| 10   | 18718/77 | 210198256 | 30/09/21      | CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA       | B27850510 | 2                        | 1.RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA  | 3.000,00 €                   |

...”

V. Con data 4/01/2021 e documento núm. 220001752, a beneficiaria TRES ELEVADO A CERO S.L., manifesta a existencia dun erro no CIF indicado no formulario de solicitude da subvención, xa que, no canto de “B16778060” debera dicir “B16791048”, polo que, solicita que se proceda á súa corrección.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que, tras comprobarse o erro existente no contido e na parte dispositiva acordo da Xunta de Goberno Local de 23/12/2021, a petición da interesada TRES ELEVADO A CERO S.L., debe procederse á corrección do CIF, sen que a dita corrección comporte interpretación, cualificación xurídica ou xuízo de valor, sendo susceptible de constatación pola simple evidencia.

Á vista das consideracións expostas e a teor do establecido nas bases reguladoras da subvención, do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, previa a conformidade do concelleiro delegado de Cultura e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e



## Concello de Vigo

concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

1.- *Rectificación do erro material ou de feito existente no Apartado 1º do Acordo de Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2021, polo que se aprobou o "OUTORGAMENTO DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL DOS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VI", de xeito que, onde di:*

**"PRIMEIRO: CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás empresas/persoas empregadoras que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700007 denominada "Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI", do vixente exercicio presupostario, por importe de **27.000,00 €** (vinte e sete mil euros), un total de **18** incentivos á contratación:

| ORDE | EXP.     | Nº DOC.   | DATA REXISTRO | NOME                                 | CIF/NIF   | Nº INCENTIVOS CONCEDIDOS | ESPECIALIDADE               | IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|------|----------|-----------|---------------|--------------------------------------|-----------|--------------------------|-----------------------------|------------------------------|
| 1    | 18682/77 | 210186903 | 13/09/21      | LABULLABESA SL                       | B36971240 | 2                        | 1.RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA  | 3.000,00 €                   |
| 2    | 18683/77 | 210189347 | 16/09/21      | NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA        | B27881754 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 3    | 18686/77 | 210190439 | 20/09/21      | KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA        | B27874122 | 3                        | RESTAURACIÓN                | 4.500,00 €                   |
| 4    | 18687/77 | 210190536 | 20/09/21      | BEN FEITO 2014 SL                    | B27811330 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 5    | 18688/77 | 210190541 | 20/09/21      | TRES ELEVADO A CERO, S.L.            | B16778060 | 4                        | 2.RESTAURACIÓN<br>2.COCIÑA  | 6.000,00 €                   |
| 6    | 18690/77 | 210190847 | 20/09/21      | CIUDAD DE VIGO SL                    | B36613347 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 7    | 18696/77 | 210192610 | 22/09/21      | MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA    | B27851146 | 2                        | 1. RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA | 3.000,00 €                   |
| 8    | 18703/77 | 210194573 | 24/09/21      | SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL          | 3617***** | 1                        | COCIÑA                      | 1.500,00 €                   |
| 9    | 18717/77 | 210197217 | 29/09/21      | LOLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA | B01777945 | 1                        | COCIÑA                      | 1.500,00 €                   |
| 10   | 18718/77 | 210198256 | 30/09/21      | CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA       | B27850510 | 2                        | 1.RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA  | 3.000,00 €                   |

..."

Debera dicir:

**"PRIMEIRO: CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás empresas/persoas empregadoras que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700007 denominada "Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI", do vixente exercicio presupostario, por importe de **27.000,00 €** (vinte e sete mil euros), un total de **18** incentivos á contratación:

| ORDE | EXP.     | Nº DOC.   | DATA REXISTR O | NOME                                 | CIF/NIF   | Nº INCENTIVOS CONCEDIDOS | ESPECIALIDADE               | IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|------|----------|-----------|----------------|--------------------------------------|-----------|--------------------------|-----------------------------|------------------------------|
| 1    | 18682/77 | 210186903 | 13/09/21       | LABULLABESA SL                       | B36971240 | 2                        | 1.RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA  | 3.000,00 €                   |
| 2    | 18683/77 | 210189347 | 16/09/21       | NEWCOCKTAIL SOCIEDAD LIMITADA        | B27881754 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 3    | 18686/77 | 210190439 | 20/09/21       | KAIKUSS2019 SOCIEDAD LIMITADA        | B27874122 | 3                        | RESTAURACIÓN                | 4.500,00 €                   |
| 4    | 18687/77 | 210190536 | 20/09/21       | BEN FEITO 2014 SL                    | B27811330 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 5    | 18688/77 | 210190541 | 20/09/21       | TRES ELEVADO A CERO, S.L.            | B16791048 | 4                        | 2.RESTAURACIÓN<br>2.COCIÑA  | 6.000,00 €                   |
| 6    | 18690/77 | 210190847 | 20/09/21       | CIUDAD DE VIGO SL                    | B36613347 | 1                        | RESTAURACIÓN                | 1.500,00 €                   |
| 7    | 18696/77 | 210192610 | 22/09/21       | MOAN COMPOSTELA SOCIEDAD LIMITADA    | B27851146 | 2                        | 1. RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA | 3.000,00 €                   |
| 8    | 18703/77 | 210194573 | 24/09/21       | SUAREZ OGANDO, MARÍA RAQUEL          | 3617***** | 1                        | COCIÑA                      | 1.500,00 €                   |
| 9    | 18717/77 | 210197217 | 29/09/21       | LOLA Y LIA VIRIATO SOCIEDAD LIMITADA | B01777945 | 1                        | COCIÑA                      | 1.500,00 €                   |
| 10   | 18718/77 | 210198256 | 30/09/21       | CASA SERODIO SOCIEDAD LIMITADA       | B27850510 | 2                        | 1.RESTAURACIÓN<br>1.COCIÑA  | 3.000,00 €                   |

...”

**SEGUNDO:** PUBLICAR esta resolución para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(35).- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE REAJUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL”. EXPTE. 16574/77.**

Visto o informe de fiscalización do 18/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/01/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución de 25/11/2021) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**I.** O Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento local, dependente da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ten encomendada a posta en marcha do proxecto “Vigo pola inserción laboral” co número 123 previsto no programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables financiado co Fondo social europeo (Expte 15311-77).

No proxecto establécese unha oferta formativa conducente á obtención de certificados de profesionalidade, que conteñen módulos de formación específica e prácticas profesionais. Con esta finalidade, o Concello de Vigo, iniciou, en xullo de 2019, a tramitación dun contrato de servizos, por procedemento aberto, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada





## Concello de Vigo

para a contratación da formación do proxecto “Vigo pola inserción laboral” (Expte. 16574-77).

O importe máximo deste contrato de formación é de 1.799.440,65€ financiado con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279900 repartido nun total de 8 lotes e 21 edicións formativas, distribuídos do seguinte xeito:

- 1.019.454,30€ correspondentes ao ano 2020.
- 779.986,35 € correspondentes ao ano 2021.

**II.** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2020, adoptou entre outros, o acordo de reaxustar as anualidades do contrato de servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (Expediente. 16574/77), segundo a seguinte distribución:

- 580.459,05 € correspondentes ao ano 2020.
- 1.218.981,60 € correspondentes ao ano 2021.

**III.** No acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2021, de reaxuste de anualidades do contrato dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (Expte. 16574/77) faise mención no seu antecedente VII de que “A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 12 de marzo de 2021, adoptou entre outros o acordo de anulación parcial de crédito contabilizado no procedemento para a contratación da formación na modalidade mixta, presencial e aula virtual no marco do proxecto “Vigo pola inserción laboral” para o exercicio 2021 (Expte. 16574/77) por importe de 203.046,30 euros, con motivo do desconto proposto polos adxudicatarios sobre o prezo unitario.”. As consecuencias desta anulación fan necesario precisar os documentos contables que víronse afectados por esta anulación.

Así mesmo, no antecedente VI, concretamente no parágrafo cuarto, que fai referencia o adxudicatario do lote IV, Actividades de Venda (COMV0108), **MÉTODO ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.** (B-27700475) é preciso especificar que, aínda que inicialmente a entidade de formación renunciou formalmente en data 11/12/2020 á realización de cuarta edición deste itinerario formativo, Actividades de Venda, con motivo da imposibilidade de compatibilizar o uso das aulas de formación, á vista da ampliación do prazo de execución do proxecto en virtude da resolución de 05/08/2020 da DGCAL e o acordo da xunta de goberno local do 17 de xuño de 2021 que suprime a limitación temporal do 30/09/2021, programouse novamente esta cuarta edición, establecendo como data de inicio o 08/11/2021 e finalizando previsiblemente o 06/06/2022.

Para o exercicio 2020 contabilizouse documento D 202000080111 por importe de 227.679,30 euros e para o exercicio 2021, o documento ADFUT 202000080118 por importe de 227.679,30 euros. En virtude do reaxuste de anualidades, acordo XGL do 30/12/2020, faise un D/ 84700 (anulación parcial) por importe de 113.839,65 euros para a anualidade 2020, quedando dispoñible 113.839,65 euros, que se incorporan a Remanentes para o ano 2021.

Con data 03/02/2021 contabilízase AD 202100008142 por importe de 341.518,95 euros (227.679,30€ iniciais mais os 113.839,65€ do reaxuste segundo acordo XGL do 30/12/2020) para a anualidade 2021 e, conforme Acordo XGL do 12/03/2021 faise AD/ 32275 (anulación parcial de crédito) por importe de 131.434,65 euros, polo tanto, quedaría un saldo de 210.084,30 euros suficiente para cubrir custe total do lote IV.

Constan tramitadas as facturas correspondentes ó desenvolvemento das dúas edicións formativas finalizadas:

- Fra. 3000028 (Expte.18856/77) por un importe de 27.746,38 euros, correspondente á 1ª edición.
- Fra. 3000038 (Expte.18861/77) por un importe de 43.211,66 euros, correspondente á 2ª edición.”

En consecuencia do anterior, detectouse un erro no axuste de anualidades para o exercicio 2022, xa que non se tivo en conta a anulación parcial de crédito e a realización desta cuarta edición do lote VI, Actividades de Venda, polo que cómpre a rectificación da parte dispositiva do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 30 de decembro de 2021, en sesión extraordinaria e urxente, polo que se aprobou o “Reaxuste de anualidades do contrato dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral”. Expte. 16574/77, xa que nos cálculos realizados non se tivo en conta a anulación parcial correspondente ao lote IV, actividades de Venda, por un importe de 131.434,65 euros (AD 202100008142) no exercicio contable 2021, o que supón que unicamente dispónse dun crédito de 166.872,64€ para o exercicio 2022, suficiente para facer fronte á facturación do adxudicatario para o presente lote.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, dispón que, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio, ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, polo que, debe proceder á corrección do erro aritmético na detracción da anulación parcial de crédito do importe reaxustado para o exercicio 2022, sen que a dita corrección comporte interpretación, cualificación xurídica ou xuízo de valor, sendo susceptible de constatación pola simple evidencia.

Á vista das consideracións expostas e a teor do artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do concelleiro delegado de Cultura e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local



## Concello de Vigo

nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

Rectificar a parte dispositiva do Acordo de 30 de decembro de 2021, en sesión extraordinaria e urxente polo que se aprobou o "Reaxuste de anualidades do contrato dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción laboral", de xeito que, onde di:

"Primeiro:

Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

| Lote                                 | Itinerarios Formativos  | 2021                | 2022                |
|--------------------------------------|---|---------------------|---------------------|
| I                                    | Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)                                     | 40.887,75 €         | 0,00 €              |
| II                                   | Operacións básicas de catering (HOTR0308)   | 39.080,80 €         | 0,00 €              |
| III                                  | Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208) | 0,00 €              | 0,00 €              |
| IV                                   | Actividades de venda (COMV0108)   | 43.211,66 €         | 227.679,30 €        |
| V                                    | Organización e xestión de almacéns (COML0309)                                     | 69.250,57 €         | 0,00 €              |
| VI                                   | Operacións básicas de cociña (HOTR0108)   | 97.467,38 €         | 71.611,65 €         |
| VII                                  | Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)                             | 74.862,51 €         | 0,00 €              |
| VIII                                 | Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)                                   | 48.000,24 €         | 0,00 €              |
| <b>Total anualidades reaxustadas</b> |   | <b>412.760,91 €</b> | <b>299.290,95 €</b> |

Segundo :

- Minorar en 603.174,39€ o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2021 por importe de 1.015.935,30€ ata un importe de 412.760,91€.
- Incrementar en 299.290,95€ o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2022."

**Deberá dicir:**

“Primeiro:

Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

| Lote                                 | Itinerarios Formativos  | 2021                | 2022                |
|--------------------------------------|---|---------------------|---------------------|
| I                                    | Actividades auxiliares de comercio (COMT0211)                                     | 40.887,75 €         | 0,00 €              |
| II                                   | Operacións básicas de catering (HOTR0308)   | 39.080,80 €         | 0,00 €              |
| III                                  | Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS02208) | 0,00 €              | 0,00 €              |
| IV                                   | Actividades de venda (COMV0108)   | 43.211,66 €         | 166.872,64 €        |
| V                                    | Organización e xestión de almacéns (COML0309)                                     | 69.250,57 €         | 0,00 €              |
| VI                                   | Operacións básicas de cociña (HOTR0108)   | 97.467,38 €         | 71.611,65 €         |
| VII                                  | Actividades de xestión do pequeno comercio (COMT0112)                             | 74.862,51 €         | 0,00 €              |
| VIII                                 | Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)                                   | 48.000,24 €         | 0,00 €              |
| <b>Total anualidades reaxustadas</b> |   | <b>412.760,91 €</b> | <b>238.484,29 €</b> |

Segundo :

- Minorar en 603.174,39€ o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2021 por importe de 1.015.935,30€ ata un importe de 412.760,91€.
- Incrementar en 238.484,29€ o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2022.”

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA.



## Concello de Vigo

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(36).- REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMATEURS DEL RUNNING DE GALICIA, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2021. EXPTE. 18800/77.**

Visto o informe de fiscalización do 14/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/01/2022, asinado pola técnica de Xestión, a técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2021.

### **ANTECEDENTES**

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 18/03/2021, aprobáronse as “Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro. Exdte. 17987/77”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 59, do 29 de marzo de 2021, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 63 de data 3 abril, así como, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (7/04/2021 ao 20/04/2021)

II. Con data do 19/04/2021 a ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMATEURS DEL RUNNING DE GALICIA (G27873967) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2021(Expte. Núm.18181/77).

III. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 8/07/2021, acordou concederlle unha subvención por importe de **5.978,85 €**

IV. A entidade presentou solicitude de anticipo de subvención, o cal lle foi aboado en data 27/08/2021, polo importe do 50 % subvencionado, é dicir, 2.989,43 € (Expte. Núm. 18451/77)

V. Con data do a entidade ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMATEURS DEL RUNNING DE GALICIA (G27873967) achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación da subvención concedida (expediente 18552/77).

Examinada a dita documentación xustificativa pola empresa adxudicataria do servizo de apoio á xustificación de subvencións, apreciase unha diminución das actuacións contempladas no proxecto, debido a non contratación dun dos postos solicitados e a contratación doutro posto por tempo inferior ao inicialmente previsto, sendo o montante total da subvención xustificada de 1.137,19 €.

De acordo co exposto, á vista das conclusións da empresa adxudicataria do servizo de apoio á xustificación de subvencións, e logo da xustificación final, resulta procedente a incoación do expediente de revogación e REINTEGRO PARCIAL da subvención concedida o cal ascende a un importe de **1.852,24 €** correspondente aos custes xustificadas pola beneficiaria, conforme ás bases da convocatoria, de acordo co seguinte cadro:

| TOTAL concedido por XGL                | 5.978,85 €                |                   |               |                    |
|--|---------------------------|-------------------|---------------|--------------------|
|  | SALARIOS                  | SEGURIDADE SOCIAL | OUTROS GASTOS | TOTAL XUSTIFICADO  |
| TOTAL xustificado                      | 793,75 €                  | 343,44 €          | 0,00 €        | 1.137,19 €         |
|  | 1.137,19 €                |                   |               |                    |
| Anticipo (50%)                         | 2.989,43€                 |                   |               |                    |
| TOTAL A PAGAR (xustificado-anticipo) = | (1.137,19 € - 2.989,43 €) |                   |               | <b>-1.852,24 €</b> |

VI. Con data 22/11/2021, o concelleiro delegado de Cultura e Emprego resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación parcial e requirimento de reintegro da subvención concedida á ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMATEURS DEL RUNNING DE GALICIA (G27873967) , dentro do programa de subvencións para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2021 (expte.17987/77).

VII. Con data 24/11/2021, a través da saída número 86123-2021, se notificou á entidade o inicio do procedemento de revogación parcial da subvención outorgada e de requirimento do reintegro parcial outorgándose un trámite de audiencia polo prazo de 10 días, co obxecto de que puidera formular as alegacións e achegar os documentos e xustificacións pertinentes en defensa do seu dereito.



## Concello de Vigo

Transcorrido o prazo de 10 días naturais dende a posta a disposición da notificación consta como non retirada en prazo.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **- Práctica da notificación**

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, se entenderá rexeitada cando teñan transcorrido 10 días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Tamén o artigo 45.2 do Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, establece que, para dar por efectuado o trámite de notificación con efectos xurídicos, na sede electrónica deberá quedar constancia, con indicación da data e hora, do vencemento do prazo previsto no artigo 43.2 da Lei 39/2015.

Deste xeito, consta no expediente certificado de notificación electrónica no que se indica a data e hora da posta a disposición (25/11/2021, 10:41) e a súa non retirada en prazo (data 7/12/2021), motivo polo que se entende rexeitada.

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2021 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro, expediente 17987/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7<sup>a</sup> e 17<sup>a</sup>) as de:

#### **- Obrigas das entidades beneficiarias das subvencións**

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

#### **- Reintegro de subvencións:**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Por último, conforme ao disposto na Base 18.b) da convocatoria, procederá a aplicación da regra da proporcionalidade aos efectos da perda do dereito ao cobro e da redución proporcional da contía da subvención, cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención.

Examinados o expedientes nº 18181/77 de solicitude da axuda, o expediente nº 18451/77 de solicitude de anticipo e o expediente nº 18552/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verificase que, logo da xustificación final, á vista das actuacións realizadas na comprobación da subvención, resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de **1.852,24 €**, pola diferenza entre os gastos xustificadas (1.137,19 €) e os gastos aboados en concepto de anticipo (2.989,43 €), e de **27,78 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

|                         |                   |                         |                   |
|-------------------------|-------------------|-------------------------|-------------------|
| Data inicio do cálculo: | <b>27/08/2021</b> | Importe para o cálculo: | <b>1.852,24 €</b> |
| Data fin do cálculo:    | <b>20/01/2022</b> | Tipo deuda:             | <b>Reintegro</b>  |

| Data Inicio       | Data Vto.         | Días período | Tipo (%) | Principal (€) | Xuros (€)         |
|-------------------|-------------------|--------------|----------|---------------|-------------------|
| <b>27/08/2021</b> | <b>20/01/2022</b> | 146          | 3,75     | 1.852,24      | <b>27,78</b>      |
| <b>TOTAIS</b>     |                   |              |          |               | <b>1.880,02 €</b> |

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.





## Concello de Vigo

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Requirir á ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES Y AMATEURS DEL RUNNING DE GALICIA (G27873967) o reintegro parcial da cantidade de **1.880,02 €** que se corresponde co importe de **1.852,24 €** ao que se engaden **27,78 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2021 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta á entidade do prazo para o aboamento das cantidades debidas en concepto de reintegro parcial da subvención, de xeito que, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 do mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre

os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**TERCEIRO.-** Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(37).- RENUNCIA DA AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021 OUTORGADA A GABRIEL VÁZQUEZ FALQUE. 18912/77.**

Visto o informe de fiscalización do 12/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021.

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.12.2021, acordou, entre outras, conceder a axuda seguinte:

| <b>EXPTE.</b> | <b>SOLICITANTE</b>     | <b>NIF</b> | <b>SUBV.A CONCE-<br/>DER</b> |
|---------------|------------------------|------------|------------------------------|
| 18485/77      | GABRIEL VAZQUEZ FALQUE | 36****0Q   | 123,43 €                     |



## Concello de Vigo

Con data do 20.12.2021 e rexistro de saída número 104171-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 23.12.2021 e número de documento 210294194 o beneficiario da axuda Gabriel Vázquez Falque co NIF 36\*\*\*\*0Q presenta escrito no que expón "... *al no poder cumplir la obligación expuesta en el art 1.4 de las bases de la ayuda publicadas en el BOP el pasado 22/07/2021, por el que debo mantener de alta la actividad durante un tiempo no inferior a 6 meses desde la fecha de concesión de la ayuda, debo **RENUNCIAR expresamente al cobro de la ayuda.***" segundo consta no expediente 18912/77.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, expediente 18280/77, establece:

- na Base 8.2. *Renuncia: "A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC."*

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que "*Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.*";

–Artigo 94.1 "*Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.*"

–Artigo 94.3 "*Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.*"

–Artigo 94.4. "*La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia*".

Xa que logo, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por Gabriel Vázquez Falque co NIF 36\*\*\*\*0Q e declarar concluso o seu procedemento.

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa á conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

#### **ACORDO**

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021 da empresa Gabriel Vázquez Falque co NIF 36\*\*\*\*\*0Q por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 23/12/2021 co documento número 210294194 (expediente 18912/77).

2º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

3º. Notificar o presente acordo á interesada no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(38).- RENUNCIA DA AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021 OUTORGADA A M<sup>a</sup> ISABEL MAGALLENES DE PÉREZ. EXPTE. 18913/77.**

Visto o informe de fiscalización do 12/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021),



## Concello de Vigo

o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021.

### ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.12.2021, acordou, entre outras, conceder a axuda seguinte:

| EXPTE.   | SOLICITANTE                      | NIF      | SUBV.A CONCE-<br>DER |
|----------|----------------------------------|----------|----------------------|
| 18492/77 | MARIA ISABEL MAGALLANES DE PEREZ | Y56****H | 1.350,00 €           |

Con data do 20.12.2021 e rexistro de saída número 104172-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 23.12.2021 e número de documento 210294195 a beneficiaria da axuda María Isabel Magallanes de Pérez co NIF Y56\*\*\*\*H presenta escrito no que expón "... comunico a miña RENUNCIA a solicitude e percepción da devandita axuda xa que con data 30 de novembro de 2021 pechei o meu negocio e dinme de baixa na Seguridade Social" , segundo consta no expediente 18913/77.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, expediente 18280/77, establece:

- na Base 8.2. *Renuncia*: "A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC."

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que “Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.”;

–Artigo 94.1 “Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.”

–Artigo 94.3 “Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.”

–Artigo 94.4. “La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia”.

Xa que logo, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por María Isabel Magallanes de Pérez co NIF Y56\*\*\*\*\*H e declarar concluso o seu procedemento.

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencions.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa á conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

## **ACORDO**

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021 da empresa María Isabel Magallanes de Pérez co NIF Y56\*\*\*\*\*H por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 23/12/2021 co documento número 210294195 (expediente 18913/77).



## Concello de Vigo

2º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

3º. Notificar o presente acordo á interesada no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(39).- RENUNCIA DA AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2021 OUTORGADA A ANA MARTÍN BARCIELA. EXPTE. 18914/77.**

Visto o informe de fiscalización do 12/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/12/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral (Resolución do 25/11/2021), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021.

### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.12.2021, acordou, entre outras, conceder a axuda seguinte:

| EXPTE.   | SOLICITANTE         | NIF       | SUBV.A CONCE-<br>DER |
|----------|---------------------|-----------|----------------------|
| 18410/77 | ANA MARTIN BARCIELA | 3948***** | 350,00 €             |

Con data do 20.12.2021 e rexistro de saída número 104151-2021-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 27.12.2021 e número de documento 210295605 a beneficiaria da axuda Ana Martín Barciela co NIF 3948\*\*\*\*\* presenta escrito no que expón "... 3. *Que debido á situación actual, vese na obriga de dar de baixa a actividade de Café-Bar pola que solicitou a axuda con data 31/12/2021, polo que non poderá cumprir co artigo 1.7 das bases da convocatoria, que obrigan a manter a actividade durante un prazo de 6 meses dende a concesión da axuda.*

**4. Que por todo o anterior Dona Ana Martín Barciela procede con este escrito á RENUNCIA da presente axuda concedida con número de expediente 18410/77**" segundo consta no expediente 18914/77.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2021, expediente 18280/77, establece:

- na Base 8.2. *Renuncia: "A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC."*

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que "*Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.*";

–Artigo 94.1 "*Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.*"

–Artigo 94.3 "*Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.*"

–Artigo 94.4. "*La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia*".

Xa que logo, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por Ana Martín Barciela co NIF 3948\*\*\*\*\* e declarar concluso o seu procedemento.

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime





## Concello de Vigo

Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa á conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención da Axuda Municipal á Creación de Empresas 2021 da empresa Ana Martín Barciela co NIF 3948\*\*\*\* por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 27/12/2021 co documento número 210295605 (expediente 18914/77).

2º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

3º. Notificar o presente acordo á interesada no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(40).- RECURSO DE ALZADA CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS DE ENXEÑEIROS/AS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. EXPTE. 38997/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/01/2022, asinado pola secretaria e a presidenta do órgano de selección do proceso de selectivo para a formación da bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños canais e portos e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector Público
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

## ANTECEDENTES

O 14.12.2021 Marian Bilbao, Luis Eugenio presentou recurso de alzada (cod. solicitude W634418-1837) contra o acordo do órgano de selección do proceso de selectivo para a formación da Bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños canais e portos adoptado en sesión de 17.11.2021 (expte 38223/220).

Publicouse un anuncio dando conta da interposición do recurso sen que consten presentadas outras alegacións logo de transcorrido o prazo de exposición do anuncio.

Asemade informouse os membros do órgano de selección sobre a presentación do recurso, que acordaron por unanimidade propoñer a súa desestimación conforme á motivación xurídica contida no presente informe.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

### I. Admisibilidade do Recurso

Procede admitir o recurso presentado, toda vez que o recorrente é persoa lexitimada por ter participado como aspirante no proceso selectivo para a formación da bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños, canais e portos. O recurso interponse contra un acto de trámite que non pon fin a vía administrativa e no prazo legalmente establecido (1 mes) segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da LPAC.

### II. Motivos nos que fundamenta o recurso:

O interesado volve a reiterar as alegacións formuladas no expediente 38223/20 en dous escritos anteriores presentados nas seguintes datas: o 25.10.2021 (Cod. Solicitude W615839-548) e o 8.11.2021 (Cod. Solicitude W 621173-3543), invocando agora a nulidade de pleno dereito do acordo adoptado por lesionar o seu dereito de acceso a función pública, e por ter un



## Concello de Vigo

contido imposible. A maiores, invoca a nulidade do acordo por falta de motivación e por apartarse do criterio seguido noutro proceso selectivo celebrado pola mesma Administración.

1) Respecto da nulidade de pleno dereito do acordo por non valoración dos servizos prestados nunha empresa privada en Arabia Saudí por vulneración do artigo 47.1. a) da Lei 39/2015, por ser requirida documentación de contido imposible e ter xustificado mediante documento oficial (certificado da empresa con selo da Embaixada de España en Riade firma do Secretario da Embaixada e tradución xurada do contrato de traballo, orixinal e traducido) do tempo traballado no estranxeiro.

O aspirante pretende que se valore no apartado de experiencia profesional o tempo traballado nunha empresa privada, para o que achega unha copia do contrato de traballo orixinal (xunto cunha tradución) e un certificado da empresa. O certificado de empresa que figura emitido o 9 de maio de 2017 (e visto pola embaixada española o 10 de maio de 2017), reflicte que o aspirante foi contratado pola empresa polo período comprendido entre o 1 de xullo de 2017 e o 8 de xuño de 2017.

O órgano de selección na segunda sesión celebrada o 15 de novembro de 2021 adoptou unha serie de criterios interpretativos ao amparo do disposto na Base IX. Recalouse que a finalidade da adopción destes criterios era garantir a igualdade de todos os aspirantes presentados.

Os acordos adoptados veñen a completar ou reafirmar o xa disposto nas Bases, polo que se deu cumprimento estrito as mesmas. Así acordouse non valorar calquera mérito alegado no currículo que non contase coa documentación acreditativa establecida nas Bases Reguladoras. En concreto, respecto da experiencia profesional en empresas privadas ou en traballos por conta propia, advertiuse que unicamente serían obxecto de valoración os servizos análogos aos da praza obxecto desta convocatoria cando se acreditasen conforme ao establecido nas Bases.

Consonte a ditos criterios, non se valorou esta experiencia na empresa privada dado que unicamente se acreditou cun contrato de traballo e un certificado de empresa (por certo, o certificado consta emitido con anterioridade a finalización do período de duración do contrato, e o mesmo sucede co visado da embaixada). Sen que poida apreciarse discriminación ningunha nesta decisión, posto que este mesmo criterio aplicouse tamén a outros aspirantes, que, ou ben unicamente mencionaron no currículo unha experiencia laboral sen acreditala documentalmente, ou ben a documentación achegada non foi suficiente para que os membros do órgano de selección puidesen valorar a realización de funcións análogas as que corresponden a praza obxecto desta convocatoria, ou non quedaba suficiente acreditado o tempo efectivamente traballado.

Pero toda vez que o agora recorrente no seu escrito de alegacións manifestou que no país onde prestou servizos non existe un sistema de cotización para estranxeiros, nin existe certificado de cotización ningún similar/ análogo ao da seguridade social nin informe de vida laboral, o

órgano de selección accedeu a concederlle un prazo de 5 días para que puidese aportar calquera outro documento oficial que puidese acreditar o tempo traballado no estranxeiro complementando o certificado achegado.

Non obstante, logo de transcorrido o prazo concedido o aspirante non achegou ningunha nova documentación que complementase a xa presentada, limitándose a reiterar a imposibilidade de achegar un informe de vida laboral nin calquera outro documento, solicitando que de calquera xeito se lle valore a totalidade do tempo alegado, e aproveitando este requirimento para reiterar outras alegacións xa desestimadas polo órgano de selección. Estas pretensións foron desestimadas polo órgano de selección de xeito motivado como consta na acta núm. 6 celebrada o 17 de novembro de 2021, o que tamén foi notificada persoalmente ao interesado.

Novamente neste recurso de alzada, reitera esta alegación invocando a nulidade do acordo posto que lesiona o seu dereito de acceso á función pública. Pero é preciso ter en conta que o recorrente non solo non foi excluído do proceso selectivo, senón que foi proposto e pasou a formar parte da bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños, canais e portos. E dado que a todas as solicitudes dos aspirantes seleccionados para formar parte da dita bolsa aplicarónselles os mesmos criterios, non existiu discriminación ou vulneración dos principios de igualdade, mérito ou capacidade.

Polo exposto, non cabe apreciar nin discriminación, nin lesión ningunha ao dereito de acceso á función pública.

2) Respecto da non valoración da experiencia laboral en INECO segundo o apartado IV.B.1 das Bases (como tempo traballo nunha Administración Pública) por ser contrario ao artigo 47.1.a) da Lei 39/2015: lesión do dereito fundamental de acceso en condicións de igualdade a funcións públicas (artigo 23.2 da CE) e vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade (artigo 1.3 b do EBEP)

O recorrente tamén amosa a súa desconformidade coa valoración da experiencia profesional en relación co tempo traballado en INECO, posto que considera que debería ser computado como tempo traballado nunha Administración Pública e non nunha empresa privada, como foi valorado.

Dita alegación xa foi desestimada motivadamente polo órgano de selección como consta na acta núm. 4 celebrada o 2 de novembro de 2021 e notificouse personalmente ao interesado (expte 38223/220). E desestimouse posto que o aspirante non acreditou ter prestados servizos nunha Administración Pública, achegando o correspondente certificado de servizos prestados, senón nunha entidade de dereito privado vinculada ou dependente dunha Administración Pública, que tal e como resulta do artigo 2 da Lei 40/2015, formaría parte do sector público institucional.

O aspirante xa amosou nos anteriores escritos de alegacións presentados a súa desconformidade con esta desestimación, e aproveitou o prazo concedido polo órgano de



## Concello de Vigo

selección para achegar documentación xustificativa que completase o alegado no anterior motivo examinado para volver a reiterar esta alegación.

O órgano de selección ao examinar a documentación achegada no requirimento concedido, non entrou a valorar novamente esta pretensión, posto que considerou que dito requirimento non podía interpretarse como un novo prazo para realizar alegacións.

No escrito do recurso de alzada, o recorrente expón que este proceder do órgano de selección produciulle indefensión, e que a valoración así realizada supón unha lesión ao dereito fundamental de acceso en condicións de igualdade a funcións públicas así como vulneración novamente dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

O recorrente considera que en ningún caso as funcións desenvolvidas na empresa INECO poden considerarse como realizadas nunha empresa privada como foron valoradas polo órgano de selección. E trata de xustificar esta afirmación, manifestando que a documentación adxuntada nas alegacións presentadas estaba asinada cun certificado dixital de empregado público.

Pero nada diso aparece acreditado no expediente.

Como xa foi indicado as sociedades mercantís estatais, como é o caso de INECO, non son Administracións Públicas, senón entes de natureza privada que actúan no tráfico mercantil de xeito similar aos demais suxeitos de dereito privado sometidos ao dereito laboral e mercantil, sen prexuízo de certos controis públicos co fin de lograr unha maior eficiencia e transparencia no uso de recursos públicos.

Estas sociedades réxense pola Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público (Cap. V do Título ), pola Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das Administracións Públicas e polo ordenamento xurídico privado, salvo certas materias que están sometidas a un réxime específico de control público. Así resultarálles de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de persoal, de control económico-financeiro e de contratación.

Así resulta de reiterada xurisprudencia, e ente outras cabe destacar a Sentenza de 16 de xullo de 2019, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, recurso de apelación nº 300/2018.

O contrato achegado para xustificar a súa experiencia en INECO, é un contrato de traballo de duración determinada no que a cláusula sétima referida ao réxime xurídico remítese ao disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, que aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e ao Convenio Colectivo de INECO.

Non achega documentación a maiores para xustificar as funcións desenvolvidas en dito posto de traballo que permitan a súa valoración doutro xeito.

Tampouco acredita coa sinatura dos documentos achegados a súa condición de empregado público. A sinatura electrónica que emprega o único que acredita é a identidade do asinante de forma inequívoca, a integridade do documento asinado (asegura que o documento asinado é exactamente o mesmo que o orixinal e que non sufriu alteración ou manipulación) e asegura o non repudio do documento asinado. Pero nin figura o posto de traballo ou cargo público, nin a Administración ou órgano no que presta servizos o titular do certificado, como esixen os artigos 18 e 19 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, para a identificación electrónica das Administracións Públicas e a autenticación do exercicio da súa competencia.

Polo indicado, non cabe apreciar nin indefensión nin lesión do dereito de acceso en condicións de igualdade ás funcións públicas por vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

3) Respecto da nulidade por separación do precedente seguido noutro proceso selectivo celebrado na mesma Administración sen a debida motivación (artigo 35.1.c da Lei 39/2015).

O recorrente manifesta que noutro proceso selectivo convocado pola Xerencia Municipal de Urbanismo (bases publicadas no BOP nº 33 de 18 de febreiro de 2021) aportou os mesmos méritos e a mesma documentación que neste proceso selectivo, e xa dende a solicitude inicial foi valorada tanto a experiencia profesional na empresa privada polo tempo traballado en Arabia Saudí, como a experiencia profesional na Administración Pública polo tempo traballado en INECO.

Considera inadmisíbel ao amparo da doutrina dos actos propios que o órgano de selección deste proceso selectivo poida actuar apartándose deste precedente sen a debida motivación.

Pero como xa indicamos as decisións e acordos do órgano de selección deste procedemento foron debidamente motivadas e así pode comprobarse nas distintas actas redactadas e firmadas logo de cada sesión do órgano.

O que non procede é a comparación das valoracións realizadas ou os criterios utilizados nos procedementos selectivos sinalados, que se ben están dirixidos a formación dunha bolsa de enxeñeiros de camiños, canais e portos, (este é o único elemento en común) non comparten nin as mesmas bases reguladoras, nin o mesmo sistema de selección (concurso-oposición na Xerencia Municipal de Urbanismo e concurso nas do Concello de Vigo) nin o mesmo órgano de selección.

O órgano de selección ao igual que os aspirantes do proceso selectivo quedan vinculados polas Bases da convocatoria, que, segundo reiterada xurisprudencia, son a lei que regula o proceso, do que deriva a necesidade de transparencia e publicidade das bases, posto que unha vez coñecidas, de non ser impugnadas constitúen a norma reguladora do proceso selectivo e o aspirante ou opositor non poderá cuestionar o resultado da aplicación de ditas Bases polo Tribunal que, en todo caso, terá que de garantir un trato igual a todos os aspirantes.



## Concello de Vigo

Agora ben, a STS, Sala Tercera, de 22 de xaneiro de 2008, rec. 254/2004, precisa que o principio de igualdade terá que observarse entre todos os participantes do proceso selectivo, pero o tribunal cualificador, no exercicio da **discrecionalidade técnica**, que nisto consiste, e non na imposibilidade de que o resultado sexa fiscalizado polos órganos xurisdicional, é libre para establecer os criterios de valoración que non teñen necesariamente que coincidir, nin cos dos procesos selectivos anteriores, nin vinculan desde logo aos posteriores, e en consecuencia, o parámetro da igualdade virá dado non por esta comparación, senón co trato que reciban todos os que participan no mesmo proceso selectivo.

Por último, é relevante destacar, que neste procedemento o órgano de selección en uso da facultade concedida nas propias bases procedeu a súa interpretación dentro desa chamada “discrecionalidade técnica”. E fixéronse constar nas actas os criterios utilizados para a valoración dos méritos dos aspirantes, que non teñen por que coincidir exactamente cos establecidos por outros órganos de selección noutros procedementos, sendo o fundamental (1) que ditos criterios se axusten ao establecido nas bases, e a lexislación vixente de aplicación (2) que o órgano de selección expoña os criterios utilizados e lles de a oportuna publicidade e (3) que a súa aplicación sexa igualitaria a todos os aspirantes no proceso.

Toda vez que foron respectados estes mínimos, non cabe apreciar en modo algún as vulneracións alegadas no recurso:

### Non existiu indefensión nin discriminación.

Os criterios utilizados polo órgano de selección son axustados a normativa aplicable antes mencionada, foron obxecto de publicación, e aplicáronse de xeito igualitario a todas as solicitudes/instancias presentadas.

### Tampouco existiu a presunta vulneración do dereito ao acceso a función pública.

O aspirante que está a recorrer tanto o acordo do órgano de selección que propón a formación da Bolsa de traballo, como o acordo de aprobación da dita Bolsa pola Xunta de Goberno Local, foi proposto para formar parte da Bolsa de Traballo do Concello (a diferenza do que sucedeu coa Bolsa da Xerencia Municipal de Urbanismo, na que non figura seleccionado) e pasou a formar parte de dita Bolsa de Traballo.

Non se vulnerou ningún dos seus dereitos: O aspirante poderá ser nomeado funcionario interino consonte aos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego aprobados pola Xunta de Goberno Local o 16/07/2021.

Non cabe apreciar a separación do precedente sen suficiente motivación, posto que non é obrigatorio nin lóxico que un órgano de selección dun concurso se atope vinculado polos criterios adoptados por outro órgano de selección nun concurso-oposición, por moito que se trate da mesma Administración. Pola contra ao que si esta obrigado o órgano de selección é a aplicación igualitaria dos criterios a todos os participantes no mesmo proceso selectivo, como así se fixo e quedou reflectido nas distintas actas que constan incorporadas ao expediente coa debida motivación.

### III. Competencia

O órgano competente para resolver este recurso de alzada é a Xunta de Goberno Local conforme ao disposto no artigo 121 da LPA en relación co artigo 127.1.h) da LRBRL.

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Desestimar o recurso de alzada interposto por Marian Bilbao, Luis Eugenio contra o acordo do órgano de selección do proceso de selectivo para a formación da Bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños canais e portos adoptado en sesión de 17.11.2021.

SEGUNDO: Notificar a persoa interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo non cabe a interposición de ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPAC, e recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(41).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POLO QUE SE APROBA A BOLSA DE EMPREGO QUE PERMITA NOMEAMENTOS INTERINOS DE ENXEÑEIROS/AS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. EXPTE. 38870/220.**

Dáse conta do informe proposta de data 17/01/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Con data 5/08/2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, (expte. 38107/220), que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 157 de data 17 de agosto de 2021.

II.- Rematado o proceso selectivo, o Órgano de Selección, segundo consta na Acta de data 17/11/2021, propón a formación da bolsa de emprego de enxeñeiros/as e camiños, canais e portos cos aspirantes ordenados de maior a menor. Na referida bolsa o Sr. Marian Bilbao, aparece no posto 16.





## Concello de Vigo

III.- O 14.12.2021 o Sr. Marian Bilbao, presentou recurso de alzada contra o acordo do órgano de selección do proceso de selectivo para a formación da Bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños canais e portos adoptado en sesión de 17/11/2021 (expte 38223/220)

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25/11/2021, adoptou acordo polo que se aproba a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo.

V.- O 23/12/2021, o Sr. Marian Bilbao, interpón recurso de reposición contra o referido acordo.

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

IV.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

V.- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público,

VI.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

I.- Con carácter previo, resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**II.- Admisión do recurso, lexitimación e prazo.**

En canto á admisión do recurso de reposición e lexitimación para interpoñer o mesmo, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

En canto a lexitimación, se considera interesado a quen promove un procedemento administrativo como titular de dereitos ou de intereses lexítimos individuais ou colectivos, así como a quen, sen haber iniciado o procedemento, teñan dereitos que resulten afectados pola resolución administrativa. Non cabe dúbida de que o recorrente é interesado xa que ao participar no proceso de selección e formar parte da bolsa de emprego aprobada no procedemento que nos ocupa, é titular de dereitos e intereses lexítimos que víronse afectados polo acordo impugnado.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado.

O acordo de Xunta de Goberno Local que aproba a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos agora recorrido, foi adoptado na sesión ordinaria do 25/11/2021, polo que o recurso de reposición de 23/12/2021, está interposto dentro do prazo establecido.

**III.-** O Sr. Marian Bilbao con carácter previo á formulación do presente recurso, fai un relato dos antecedentes e vicisitudes do desenvolvemento do proceso selectivo, manifestando en síntese que:

. O 22/10/2021, publicouse na web municipal acta nº 2 referida á sesión do órgano de selección de 15/10/2021, na que se acorda unha determinada puntuación aos seus méritos.

. O 25/10/2021, presentou alegacións que foron desestimadas o 03/11/2021, requiríndolle para que presentase documentación. Presentada a documentación requirida, o acordo do órgano de selección de fecha 17/11/2021 (publicado en la web municipal el 19/11/2021), desestima as alegacións e propón a formación da bolsa de emprego.

. Contra o acordo, o Sr. Marian Bilbao, presenta recurso de alzada o día 14/12/2021.

. Na mesma data solicitou copia do expediente do proceso selectivo (38223-220).

No presente recurso recorre o acordo da Xunta de Goberno Local de 25/11/2021 que aproba a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección. O recorrente fundamenta o recurso en base ás seguintes consideracións:

1.- Alega indefensión posto que o acordo que se recorre aproba a bolsa de emprego de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos en base á proposta do órgano de selección contida na acta da sesión do 17/11/2021, acordo do órgano de selección que non é firme porque non está resolto o recurso de alzada interposto o 14/12/2021.



## Concello de Vigo

Indicar ao respecto que o Sr. Marian non solicitou expresamente a suspensión nin ao interpoñer o recurso de alzada nin coa presentación do presente recurso de reposición, non obstante, parece oportuno pronunciarse sobre a mesma ante a alegación de indefensión pola continuación do procedemento sin resolver o recurso de alzada (recurso que ten un prazo para resolver de tres meses segundo o artigo 122.3 da Lei 39/2015)

Ao respecto indicar que o artigo 117 da Lei 39/2015 establece que *“La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.”*

*No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.*
- b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.”*

Polo tanto a regra xeral e a **non** suspensión do acto, aínda que se prevé a posibilidade de acordar a suspensión de oficio ou a solicitude do recorrente en determinados casos que veremos a continuación. Agora ben, debemos partir de que a regra xeral é a executividade, presunción de validez e eficacia dos actos administrativos (Sentenzas do Tribunal Supremo de 16/05/2006 (RJ2006/2358), e a suspensión é a excepción.

Pois ben para acordar a suspensión é preciso en primeiro lugar:

. Que cause prexuízos de imposible reparación: O Tribunal Supremo lembra o deber que incumbe ao solicitante de acreditar a concorrencia do prexuízo de imposible reparación. Neste caso o recorrente manifesta que lle causa indefensión a aprobar a bolsa sin resolverse previamente o recurso de alzada. É preciso lembrar que non estamos ante un proceso selectivo en execución de oferta pública de emprego, se non ante un proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para eventuais chamamentos como funcionarios interinos, e si ben é certo que os que teñen unha posición mais ventaxosa na lista, teñen máis posibilidades de ser nomeados no futuro, a aprobación da bolsa en si, non implica ofrecemento ou nomeamento algún.

. Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 de esta Lei: A xurisprudencia, entre outras a Sentenza do Tribunal Supremo de 20/05/2009 (RC 680/2008), exige que a nulidade sexa evidente ou manifesta ou que ao menos poda apreciarse con carácter indiciario. Neste mesmo senso a Sala de lo Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo en su Sentencia de 23/03/2001 (RJ 2001/3004) ao indicar que: *“No resulta suficiente por último, en contra de lo que se alega, la simple invocación de la existencia de un vicio de nulidad de pleno Derecho de los acuerdos impugnados para que proceda acordar su suspensión cautelar. Esta Sala tiene declarado que la apariencia de buen Derecho sólo puede admitirse en casos en los que la pretensión*

*del recurrente aparezca justificada en forma manifiesta, sin necesidad de un análisis detenido de la legalidad, que está reservado necesariamente al proceso principal.”*

Neste punto, a pesar da alegación de nulidade de pleno dereito vertida polo Sr. Marian Bilbao, non se aprecia de forma notoria ou manifesta, nin tampouco de xeito indiciario unha vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público. Sen prexuízo do que se exporá a continuación en relación cos dúas causas de nulidade alegadas como fundamento do recurso, ao único efecto de apreciar de xeito indiciario a existencia de nulidade como presuposto para acordar a suspensión do acto, parece oportuno adiantar que da lectura do recurso de reposición interposto, advírtese que estamos ante unha discrepancia nos criterios de valoración dos méritos que ven motivada fundamentalmente por dous motivos.

O primeiro é que o recurrente entende que debe valorarse os servizos que alega que prestou na empresa privada de Arabia Saudí, aínda que el mesmo recoñece que esa prestación de servizos non a pode acreditar na forma prevista nas bases, que recordemos é a lei do procedemento e vinculan tanto á administración como aos participantes no proceso.

O segundo porque considera que os servizos prestados na empresa INECO deben ser considerados como servizos prestados nunha Administración Pública a efectos da súa valoración. Sin embargo a lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público delimita que é unha Administración pública e que é sector público. Así no artigo 2.3 *“Tienen la consideración de Administraciones Públicas la Administración General del Estado, las Administraciones de las Comunidades Autónomas, las Entidades que integran la Administración Local, así como los organismos públicos y entidades de derecho público previstos en la letra a) del apartado 2.”*, estos último *“a) Cualesquiera organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes de las Administraciones Públicas.”*. INECO, segundo os seus propios estatutos, é unha compañía mercantil anónima de enxeñería e economía do transporte S.M.E. M.P.,S.A. En relación con este tipo de sociedades o artigo 111 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, que está situado dentro do capítulo V, Título II que leva por rúbrica *“Organización e funcionamento do sector público institucional”*, establece que se entende por sociedade mercantil estatal, principalmente, aquela sociedade mercantil sobre a que se exerce control estatal ben porque a participación directa, no seu capital social da Administración Xeneral do Estado ou algunha das entidades que integran o sector público institucional estatal, incluídas as sociedades mercantís estatais, sexa superior ao 50 por 100.

Este tipo de sociedades non son administracións públicas, senón entes de natureza privada que actúan no tráfico mercantil de forma similar aos demais suxeitos de dereito privado sometidos ao dereito laboral e mercantil. Estas sociedades non poden ser confundidas coas entidades públicas empresarias reguladas de xeito independente na sección 3ª do capítulo terceiro do título II da lei 40/2015, que si teñen a consideración de Administracións Públicas a tenor do disposto no artigo 2 punto 3 do referido corpo legal.

Por último na ponderación previa e de xeito razoado, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión do acto e o ocasionado ao recurrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, indicar que estamos ante procesos de selección de persoal interino, que pola súa propia natureza levan consigo as notas de celeridade e urxencia dos procesos de selección, polo que a suspensión do acto si causaría un pre-



## Concello de Vigo

xuízo ao interese público ao non poder nomear ao persoal integrante da bolsa, que precisamente foi seleccionado con carácter urxente para atender a necesidades derivadas da prestación dos servizos públicos.

2.- Respecto da nulidade de pleno dereito do acordo por non valoración dos servizos prestados nunha empresa privada en Arabia Saudí.

O aspirante pretende que se valore no apartado de experiencia profesional o tempo traballado nunha empresa privada, para o que achega unha copia do contrato de traballo orixinal (xunto cunha tradución) e un certificado da empresa. O certificado de empresa que figura emitido o 9 de maio de 2017 (e visto pola embaixada española o 10 de maio de 2017), reflicte que o aspirante foi contratado pola empresa polo período comprendido entre o 1 de xullo de 2017 e o 8 de xuño de 2017.

O órgano de selección na segunda sesión celebrada o 15 de novembro de 2021 adoptou unha serie de criterios interpretativos ao amparo do disposto na Base IX. Recalouse que a finalidade da adopción destes criterios era garantir a igualdade de todos os aspirantes presentados.

Os acordos adoptados veñen a completar ou reafirmar o xa disposto nas Bases, polo que se deu cumprimento estrito as mesmas. Así acordouse non valorar calquera mérito alegado no currículo que non contase coa documentación acreditativa establecida nas Bases Reguladoras. En concreto, respecto da experiencia profesional en empresas privadas ou en traballos por conta propia, advertiuse que unicamente serían obxecto de valoración os servizos análogos aos da praza obxecto desta convocatoria cando se acreditasen conforme ao establecido nas Bases. E as Bases da convocatoria que son a «ley de oposición o concurso», de xeito que vinculan á Administración e aos que participan en dichas probas selectivas (STS 29/04/2011), establecen unha forma de acreditación moi concreta: “informe de vida laboral ou certificación de cotizacións expedidas pola Seguridade Social, acompañada inexcusablemente do certificado ou informe da empresa correspondente ou contratos de traballo ou nóminas onde conste o tempo traballado e o posto de traballo ocupado”.

Consonte a ditos criterios, non se valorou esta experiencia na empresa privada dado que unicamente se acreditou cun contrato de traballo e un certificado de empresa (por certo, o certificado consta emitido con anterioridade a finalización do período de duración do contrato, e o mesmo sucede co visado da embaixada). Non hai ningún documento de carácter oficial (informe de vida laboral, cotizacións da seguridade social) que acredite o traballo, tal e como esixen as bases. Sen que poida apreciarse discriminación ningunha nesta decisión, posto que este mesmo criterio aplícase tamén a outros aspirantes, que, ou ben unicamente mencionaron no currículo unha experiencia laboral sen acreditala documentalmente, ou ben a documentación achegada non foi suficiente para que os membros do órgano de selección puidesen valorar a realización de funcións análogas as que corresponden a praza obxecto desta convocatoria, ou non quedaba suficiente acreditado o tempo efectivamente traballado.

Pero toda vez que o recorrente no seu escrito de alegacións manifestou que no país onde prestou servizos non existe un sistema de cotización para estranxeiros, nin existe certificado de cotización ningún similar/ análogo ao da seguridade social nin informe de vida laboral, o

órgano de selección dada a situación diferente ou especial na que se atopaba o Sr. Marian, concedeulle un prazo de 5 días para que puidese aportar **calquera outro documento oficial que puidese acreditar o tempo traballado no estranxeiro complementando o certificado achegado.**

Non obstante, logo de transcorrido o prazo concedido o aspirante non achegou ningunha nova documentación que complementase a xa presentada, limitándose a reiterar a imposibilidade de achegar un informe de vida laboral nin calquera outro documento, solicitando que de calquera xeito se lle valore a totalidade do tempo alegado, e aproveitando este requirimento para reiterar outras alegacións xa desestimadas polo órgano de selección. Estas pretensións xa foron desestimadas polo órgano de selección de xeito motivado como consta na acta núm. 6 celebrada o 17 de novembro de 2021, o que tamén foi notificada persoalmente ao interesado e manifestadas no recurso de alzada. O recorrente non solo non foi excluído do proceso selectivo, senón que foi proposto e pasou a formar parte da bolsa de emprego para nomeamentos interinos de enxeñeiros de camiños, canais e portos. E dado que a todas as solicitudes dos aspirantes seleccionados para formar parte da dita bolsa aplicarónselles os mesmos criterios, non existiu discriminación ou vulneración dos principios de igualdade, mérito ou capacidade.

Polo exposto, non cabe apreciar nin discriminación, nin lesión ningunha ao dereito de acceso á función pública.

3.- Respecto da non valoración da experiencia laboral en INECO segundo o apartado IV.B.1 das Bases (como tempo traballo nunha Administración Pública).

O recorrente tamén amosa a súa desconformidade coa valoración da experiencia profesional en relación co tempo traballado en INECO, posto que considera que debería ser computado como tempo traballado nunha Administración Pública e non nunha empresa privada, como foi valorado.

Reiterar o xa manifestado no punto III, apartado 1 de este informe. Engadindo que o aspirante non acreditou ter prestados servizos nunha Administración Pública, senón nunha entidade de dereito privado vinculada ou dependente dunha Administración Pública, que tal e como resulta do artigo 2 da Lei 40/2015, formaría parte do sector público institucional e non dunha Administración Pública, integrada segundo a propia definición do artigo referido por *“la Administración General del Estado, las Administraciones de las Comunidades Autónomas, las Entidades que integran la Administración Local, así como los organismos públicos y entidades de derecho público previstos en la letra a) del apartado 2”*, que son éstas últimas *“Cualesquiera organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes de las Administraciones Públicas”*

As sociedades mercantís estatais, como é o caso de INECO, non son Administracións Públicas, senón entes de natureza privada que actúan no tráfico mercantil de xeito similar aos demais suxeitos de dereito privado sometidos ao dereito laboral e mercantil, sen prexuízo de certos controis públicos co fin de lograr unha maior eficiencia e transparencia no uso de recursos públicos.

Estas sociedades réxense pola Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, pola Lei 33/2003, de 3 de novembro do patrimonio das Administracións Públicas e



## Concello de Vigo

polo ordenamento xurídico privado, salvo certas materias que están sometidas a un réxime específico de control público. Así resultaralles de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de persoal, de control económico-financeiro e de contratación.

Así resulta de reiterada xurisprudencia, e ente outras cabe destacar a Sentenza de 16 de xullo de 2019, da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, recurso de apelación nº 300/2018.

Asimilar este tipo de sociedades a unha administración pública non parece oportuno polas evidentes diferencias en canto organización e réxime xurídico aplicable. Por outra banda e sin entrar en profundidades que non forma parte do contido de este informe, pero parece oportuno lembrar que aínda que existe ou debería existir un principio xeral segundo o cal o acceso a todo tipo de emprego público, que é de todos, con diñeiro de todos e para servir a todos, debería respectar a concorrencia e a idoneidade dos traballadores, o certo é que o sistema de acceso ao emprego nunha administración pública dista moito do acceso a unha sociedade pública. A título ilustrativo a Sala Social do Supremo considera no Auto de 24 de xaneiro de 2019 (rec. 1843/2018) que *“falta contenido casacional al haber resuelto la sentencia recurrida de conformidad con la doctrina de esta Sala contenida en las STS 18/9/2014 (Rec. 2323/13), 20/10/2015, (Rec. 172/14) y 6/7/2016 (Rec. 229/15). Declaran estas sentencias que “a construcción del «indefinido no fijo» no es aplicable a las sociedades anónimas, aunque pertenezcan al sector público, pues no están obligadas a cumplir con los principios constitucionales del acceso a la función pública, que es a lo que se contrae el mandato del art. 103.3 CE.”*

Y ello porque el art.103 de la Constitución dispone que *“La Ley regulará... el acceso a la función pública de acuerdo con los principios de mérito y capacidad”* (y los laborales de sociedades públicas no son funcionarios), como que la Disposición adicional primera del EBEP dispone la aplicación de los principios de publicidad, concorrencia, mérito y capacidad a *“las entidades del sector público estatal, autonómico y local, que no estén incluidas en el artículo 2 del presente Estatuto y que estén definidas así en su normativa específica”*, o sea, no incluye a las “sociedades de capital público”.

Polo indicado, non cabe apreciar nin indefensión nin lesión do dereito de acceso en condicións de igualdade ás funcións públicas por vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade.

4.- Nulidade por separación do precedente seguido en proceso selectivo celebrado pola mesma administración pública sin a suficiente motivación.

O recorrente manifesta que noutro proceso selectivo convocado pola Xerencia Municipal de Urbanismo (bases publicadas no BOP nº 33 de 18 de febreiro de 2021) aportou os mesmos méritos e a mesma documentación que neste proceso selectivo, e xa dende a solicitude inicial foi valorada tanto a experiencia profesional na empresa privada polo tempo traballado en Arabia Saudí, como a experiencia profesional na Administración Pública polo tempo traballado en INECO.

Considera inadmisíbel ao amparo da doutrina dos actos propios que o órgano de selección deste proceso selectivo poida actuar apartándose deste precedente sen a debida motivación.

Dicir que non procede a comparación das valoracións realizadas ou os criterios utilizados nos procedementos selectivos sinalados, que se ben están dirixidos a formación dunha bolsa de enxeñeiros de camiños, canais e portos, (este é o único elemento en común) non comparten nin as mesmas bases reguladoras, nin o mesmo sistema de selección (concurso-oposición na Xerencia Municipal de Urbanismo e concurso nas do Concello de Vigo) nin o mesmo órgano de selección.

O órgano de selección ao igual que os aspirantes do proceso selectivo quedan vinculados polas Bases da convocatoria, que, segundo reiterada xurisprudencia, son a lei que regula o proceso, do que deriva a necesidade de transparencia e publicidade das bases, posto que unha vez coñecidas, de non ser impugnadas constitúen a norma reguladora do proceso selectivo e o aspirante ou opositor non poderá cuestionar o resultado da aplicación de ditas Bases polo Tribunal que, en todo caso, terá que garantir un trato igual a todos os aspirantes.

Agora ben, a STS, Sala Tercera, de 22 de xaneiro de 2008, rec. 254/2004, precisa que o principio de igualdade terá que observarse entre todos os participantes do proceso selectivo, pero o tribunal cualificador, no exercicio da **discrecionalidade técnica**, que nisto consiste, e non na imposibilidade de que o resultado sexa fiscalizado polos órganos xurisdicional, é libre para establecer os criterios de valoración que non teñen necesariamente que coincidir, nin cos dos procesos selectivos anteriores, nin vinculan desde logo aos posteriores, e en consecuencia, o parámetro da igualdade virá dado non por esta comparación, senón co trato que reciban todos os que participan no mesmo proceso selectivo.

#### **IV.- Competencia.-**

Visto o Recurso interposto, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Desestimar, en base o informe que antecede, o recurso presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 25/11/2021 polo que se aproba a bolsa de emprego de Enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos, que inclúe as persoas en condicións de ser nomeadas funcionarias interinas segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo á recorrente, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(42).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MEMORIA FINAL DO PLAN DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 905/1102.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/01/2022, asinado pola secretaria de Admón. Municipal e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

En data 28/10/2016 por Resolución do Concellería Delegada de Xestión Municipal e Administración Electrónica incoouse expediente administrativo para a elaboración, aprobación e execución do Plan de “Transformación integral da administración municipal de Vigo”, aos efectos sinalados de deseñar e calendarizar unha estratexia normativa transversal.

En data 4.11.2016 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de impulsar a elaboración do “Plan de Transformación Integral da administración municipal” de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. No mesmo acto acordouse a constitución, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, integrada por:

1. O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns
2. A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo
3. A Secretaría do Goberno Local, Dna. Ma Concepción Campos Acuña
4. O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez
5. A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Pazos Area que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

En data 7 e 8.11.2016 por Resolución da Alcaldía delegouse na Xunta de Goberno Local a competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica.

Así mesmo a proposta da Comisión Técnica do Plan,

- En data 18.11.2016 por Resolución de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica constituíuse
  - *O Grupo de Traballo Sectorial do Rexistro electrónico, no que se integrará a Xefatura da Área do Réxime Interior, na súa condición de responsable do Rexistro Xeral, e o Técnico Responsable de estudos y programas do Servizo de Administración Electrónica, asistidos na súa labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, coa finalidade de definir e propoñer as actuacións concretas para a axeitado desen-*

*volveremento do novo marco normativo, polo que se dará traslado desta proposta ao Concelleiro Ddo. De Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica para a súa consideración.*

- *O Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade, no que se integrará a Xefatura da Área do Recursos Humanos e Formación e o Técnico de Sistemas do Servizo de Administración Electrónica, Francisco Mourelle, asistidos na súa labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para a axeitado desenvolvemento do novo marco normativo, nesta materia.*
- En data 4.05.2017 por Resolución do concelleiro delegado da área e Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica constituíuse o grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza de Administración Electrónica coa finalidade de definir e propor o novo marco normativo, axustado ás peculiaridades organizativas e de funcionamento do Concello de Vigo, mediante a redacción dun texto para tramitación e, no seu caso, aprobación dunha Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo nesta materia.
- En data 15.05.2018 por Resolución do concelleiro delegado da área e Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica constituíuse para impulsar o procedemento para a aprobación da Ordenanza Xeral de Subvencións e de Elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo encomendándose ao tesoureiro municipal e responsable superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez, a elaboración do I Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo. Constituír o Grupo de Traballo Sectorial da Ordenanza Xeral de Subvencións, baixo o seguimento da tramitación do proxecto do interventor xeral do Concello de Vigo

## CONSIDERACIÓNS

En data 2 de outubro de 2015 publicáronse no Boletín oficial do Estado (BOE) as Leis 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ( LPAC) e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ( LRXSP). Ditas leis entraron ao ano da súa publicación no BOE, é dicir, o 2 de outubro de 2016 agás as previsións en materia de rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico cuxos efectos se demoraron ata o 2 de abril de 2021 ( Disposición final sétima da LPAC).

A LPAC ten por obxecto regular as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns, co obxectivo de implantar unha administración completamente electrónica e interconectada, e mellorar a tramitación dos procedementos administrativos. Pola súa banda a Lei 40/2015 ten por obxecto regular o funcionamento interno das distintas Administracións Públicas e o resto do Sector Público, se ben determinadas materia regulanse de modo interrelacionado en ambas normas como ocorre respecto do uso de medios electrónicos.

Estas dúas normas regulan de forma separada o que se podería considerar o núcleo esencial do dereito administrativo, eliminado a regulación diferenciada entre o procedemento



## Concello de Vigo

electrónico (regulado ata o momento pola Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos) e procedemento administrativo (regulado pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común) de xeito que partir da entrada en vigor de ditas leis sé existirá un procedemento administrativo e este so será electrónico. Así mesmo ambas leis constitúen o marco xurídico para o funcionamento electrónico das Administracións Públicas na que destaca a xeneralización da utilización dos medios electrónicos non procedemento administrativo común destacando o seguinte ,

- A comunicación por vía electrónica entre os interesados e as Administracións configúrase como un dereito e, nalgúns casos, como unha obriga;
- Articulación da utilización de medios electrónicos polas Administracións na tramitación dos procedementos;
- Novo réxime de notificacións electrónicas

A aprobación do plan de “Transformación integral da administración municipal de Vigo” veu motivada pola necesidade de asumir os novos retos derivados do novo marco normativo (Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do Sector Pública, Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno) e a expansión das tecnoloxías da información, temporalizando a execución das novas obrigas, resulta oportuno un plantexamento de natureza transversal, que permita deseñar unha estratexia global que garanta o impulso do proceso de transformación no conxunto da administración, para o que é preciso deseñar un marco de actuación a través dun plan de transformación integral, mediante os correspondentes procesos e sobre a base dun equipo de traballo que impulse o seu desenvolvemento e execución.

En data 31 de marzo de 2021 publicouse no BOE o Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME) que ten como obxecto o desenvolvemento das leis 39 e 40/2015 no referido á actuación e o funcionamento electrónico do sector público, incluíndo as relacións dos cidadáns con ela, o procedemento e notificacións administrativas. Desenvolve o cartafol cidadán, o PAGE, a dirección única de notificacións (DEHú) as sedes electrónicas, a identificación, a representación, os rexistros electrónicos, o rexistro de apoderamentos, as comunicacións e notificacións, o expediente electrónico, a obtención de copias e conservación de documentos.

Así mesmo en data 2 de abril de 2021 iniciáronse os efectos das previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, segundo se establece na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de las Administracións Públicas.

En data 8 de outubro de 2021 publicouse no BOP de Pontevedra a Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo que ten por obxecto definir o modelo administrativo electrónico do Concello de Vigo, determinando tanto o procedemento administrativo electrónico, como a forma e modos de relacións dixitais, as infraestruturas, os servizos públicos e as ferramentas de xestión. Coa aprobación de dita Ordenanza deuse cumprimento a un dos obxectivos principais do Plan de Transformación.

Así mesmo consta que en data 21 de maio de 2021 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2021-2023 e respecto ao Ordenanza Xeral de Subvencións consta incluída no Plan Normativo de 2021 polo que a súa tramitación seguirá o procedemento legalmente establecido.

A vista das actuacións realizadas que se recollen nas respectivas memorias, a Comisión Técnica do Plan en sesión de data 10 de xaneiro de 2022 adoptou acordo polo que entende cumpridos esencialmente os obxectivos do Plan de transformación dixital sen prexuízo da continuidade por parte da administración municipal da innovación e mellora continúa na prestación do servizos públicos a través do desenvolvemento da administración dixital, promovendo o uso das novas tecnoloxías dunha maneira accesible e garantirán o uso de medios e sistemas que reforcen a interacción con a cidadanía de unha maneira áxil, segura e comprensible.

E por isto polo que se somete a aprobación da Xunta de Goberno local como órgano competente en materia de aprobación dos plans que se realicen para a dirección e impulso dos servizos segundo delegación de facultades conferida por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a Memoria final do Plan de transformación dixital do Concello de Vigo e declarar finalizado o Plan de transformación dixital polo cumprimento esencial dos obxectivos propostos.

SEGUNDO.- Publicar a memoria final e o presente acordo no portal de transparencia.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(43).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS RAMPAS MECÁNICAS NA AVENIDA DE GRAN VÍA- CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1087/441.**

Visto o informe xurídico de data 13/01/2022, e o informe de fiscalización de data 14/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/01/2022, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1º.- Con data 3 de Decembro de 2020 asínase a acta de recepción das obra de Rehabilitación e Transformación do contorno urbano de Gran Vía, entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela, dentro do proxecto e da execución da obra inclúese as instalación de 6 ramplas mecánicas ou andéis móbeis, así como a cobertura das mesmas.



## Concello de Vigo

Asemade, na mesma acta de recepción indicábase o inicio dos prazos de mantemento comprometidos polo contratista, no que se incluía o mantemento integral das ramplas móbiles por un período de 3 cuatrimestres. Como o acta asinouse o 3 de Decembro de 2020, este mantemento finalizará polo tanto o 3 de decembro de 2021, pasando o mantemento ao Concello de Vigo.

Por outra banda, o 16 de xullo de 2019 asínase o Contrato maior de prestación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (expdte 29-441) coa empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L., por un prazo de dous anos, contado a partir do 01 de setembro de 2019. Este contrato finalizou o 01 de setembro de 2021 e prorrogouse por un prazo de 1 ano hasta setembro de 2022.

Aínda que o contrato vixente de prestación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (exp. 29-441) contempla a posibilidade de incorporar novos aparellos de transporte vertical, mediante unha modificación de contrato, non incluía a posibilidade de engadir a este mantemento ramplas móbiles, xa hasta ese momento os aparellos de transporte vertical exteriores do Concello de Vigo eran ascensores e escaleiras.

Ademais, as cubertas asociadas as devanditas ramplas teñen características xeométricas sensiblemente diferentes as incluídas no contrato actual, polo que non se pode realizar unha ampliación do actual contrato de mantemento, polo que, actualmente atópase en tramitación un contrato menor para este servizo mentres se tramita un contrato maior que recolla as necesidades de mantemento destes novos elementos, tendo a previsión de inicio deste contrato o 4 de decembro de 2.021 e de finalización o 28 de febreiro de 2.022.

2º.- En base ao anterior, con data 17 de novembro de 2021, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal, con data 17 de novembro de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento acorda o inicio do expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben a presente memoria, considérase axeitado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a súa definición.

3º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en data 17 de novembro de 2021, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de 17 de novembro de 2021.
- c) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, pola Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos e polo Concelleiro de Facenda en datas 19, 21 e 22 de novembro e 2 de decembro de 2021.
- d) Certificados de crédito RC nº 202100120221 asinados pola Dirección Superior Contable municipal.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético en data 4 de xaneiro de 2022.

- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 4 de xaneiro de 2022.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en datas 12 de xaneiro de 2022.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 12 de xaneiro de 2022.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).



## Concello de Vigo

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do expediente de **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS RAMPAS MECÁNICAS NA AVENIDA DE GRAN VÍA, NO CONCELLO DE VIGO.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético en data 4 de xaneiro de 2022.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 12 de xaneiro de 2022.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“TRINTA E SETE MIL SETECENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS” (37.752,00 €)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 6.552 €**.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.227.99.00 “Mantenimento e conservación de ascensores en vías públicas” segundo a distribución de anualidades proposta:

|      |             |
|------|-------------|
| 2022 | 37.752,00 € |
|------|-------------|

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(44).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGUIMENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, DENTRO DAS COMPETENCIAS DA CONCELLERÍA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 772/441.**

Visto o informe xurídico de data 29/11/2021, e o informe de fiscalización de data 14/01/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/11/2021, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Segundo o artigo 14.2 da Lei de 31/95 de 78 Novembro de Prevención de Riscos Laborais establece, dentro do ámbito de aplicación do persoal ao servizo das administracións públicas “O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de xeito continuo as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puidesen evitar e os niveis de protección existentes e dispoñerá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas as modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización dos traballos”.

O art. 16.2 da Lei anteriormente reflectida dispón que o empresario cando fora preciso segundo as avaliacións realizadas, realizará controis periódicos das condicións de traballo e das actividades dos traballadores na prestación dos seus servizos.

Dentro do marco da Lei 31/1995 de 8 de Novembro de Prevención de riscos laborais, se establece o Real Decreto 1215/1997 de 18 de Xullo que regula as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo utilizados polos traballadores durante o seu servizo, sendo este equipamento adscrito na maioría ao parque móbil municipal. Así no seu art. 4.2 en referencia á comprobación dos equipos de traballo indica que “O empresario adoptará as medidas que foran precisas que aqueles equipos de traballo sometidos a influencias susceptibles de ocasionar avarías que poidan xerar situacións perigosas, polo que deben estar suxeitos a comprobacións e de selo caso a probas de carácter periódico con obxecto de asegurar o cumprimento das disposicións de seguridade e saúde”.

Asemade, o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde que deben aplicarse nas obras de construción, establece no seu artigo 3.2 a obriga de designar por parte do promotor un Coordinador de Seguridade e Saúde na execución de obras nos supostos nos que interveña máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos.

**2º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 22 de xaneiro de 2021, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal en datas 22 e 25 de xaneiro de 2021, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

**3º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en data 22 de xaneiro de 2021, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de datas 22 e 25 de xaneiro de 2021.





## Concello de Vigo

- c) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de maio de 2021.
- d) Certificados de crédito RC nº 202100051228 e RC/FUT nº 202100051229 asinados pola Dirección Superior Contable municipal.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 24 de novembro de 2021.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en data 24 de novembro de 2021.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en datas 8 e 9 de novembro de 2021.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en datas 24 e 25 de novembro de 2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do “**CONTRATO DE SEGUIMIENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, DENTRO DAS COMPETENCIAS DA CONCELLERÍA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO**”.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais en data 24 de novembro de 2021.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en datas 24 e 25 de novembro de 2021.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “**TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E SEIS EUROS con NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS**” (37.266,92 €), sendo o importe correspondente ao IVE de **6.460,87 €**.

Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 (ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE), segundo a seguinte distribución de anualidades:

|              |                    |
|--------------|--------------------|
| 2021         | 1.551,12 €         |
| 2022         | 18.613,46 €        |
| 2023         | 17.062,34 €        |
| <b>TOTAL</b> | <b>37.226,92 €</b> |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(45).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA, MARTÍNEZ GARRIDO ENTRE OS NÚMEROS 82 E 86”. EXPTE.1154/441.**



## Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 13/01/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o técnico de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- Con data 10 de xaneiro de 2022 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “**Renovación do colector de saneamento na Avda. Martínez Garrido entre os númeor 82 e 86**”. O devandito informe indica o seguinte:

*“A actuación básicamente consiste en: execución de colector xeral de PVC de diámetro 800 mm; execución de colector de PVC de diámetro 500 mm en formación de aliviadoiro e conexión entre os pozos existentes cos novos rexistros; execución de dous novos pozos e reposicións. Con esta actuación, a tubaxe actual de diámetro 500 mm queda para uso exclusivo das acometidas dos números 84 e 86, e o caudal xerado augas arriba circularía polo novo colector proxectado de 800 mm, que se conectaría coa rede existente augas abaixo do número 86, nunha tubaxe do mesmo diámetro (800 mm).”*

V.- A vista deste informe, con data 12 de xaneiro de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de “**Renovación do colector de saneamento na Avda. Martínez Garrido entre os número 82 e 86**”.

VI.- O proxecto a redactar debера adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **“Renovación do colector de saneamento na Avda. Martínez Garrido entre os número 82 e 86”**

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Juan Manuel Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado como Dirección facultativa das obras de **“Renovación do colector de saneamento na Avda. Martínez Garrido entre os número 82 e 86”**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proposta de nomeamento de funcionarios interinos como enxeñeiros/as para execución de programa “Xestión das axudas do programa Next Generation UE”. Expte. 38903/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **21(46).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS COMO ENXEÑEIROS/AS PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMA “XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE”. EXPTE. 38903/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 19/01/2022, dáse conta do informe-proposta do 18/01/2022, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefe de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

I.- A xunta de goberno local, en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2021, adoptou acordo aprobando o programa de xestión das axudas do programa next generation UE (Expte 1058-441), que consta anexado ao expediente, e declara a urxencia do nomeamento de funcionarios interinos para execución do mesmo, entre outros 4 enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, e 3 Enxeñeiros industriais.

II.- En data de sinatura electrónica, mediante escrito asinado polo xefe do servizo administrativo e control orzamentario conformado polo concelleiro delegado competente, solicítase o nomeamento interino por un período de 3 anos con cargo ao referido programa dos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e dos Enxeñeiros Industriais

III.- En data de sinatura electrónica, a Tenente de alcalde e Concelleira delegada de organización municipal dispuxo: *“Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local do:*

- *Nomeamento interino por execución do referido programa, de 4 enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, e 3 Enxeñeiros industriais.*

*Todo elo, sempre na medida das posibilidades legais e de dispoñibilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais; e previa a realización da tramitación administrativa preceptiva.”*

IV.- Consta no expediente informe técnico- cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Nomeamentos interinos.

I a) Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal

para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

I b) Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes



## Concello de Vigo

cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso ao remate do programa temporal.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase, segundo as necesidades do Servizo/Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

I c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Visto que en data 18/11/2021 a Xunta de Goberno local acordou Aprobar o «Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE», declarando a urxencia do nomeamento de funcionarios interinos para a execución do devandito programa: 4 Enxeñeiros/as de Caminos, Canais e Portos, 3 Enxeñeiros/as Industriais, 2 Técnicos/as de Sistemas, 3 Técnico/as de Administración Xeral, 2 Técnicos/as de xestión de programas europeos, 2 auxiliares administrativos, por execución de programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP.

E visto os escritos asinados polo xefe do servizo administrativo e control orzamentario conformado polo concelleiro delegado competente, solicitando o nomeamento interino por un período de 3 anos con cargo ao referido programa dos Enxeñeiros de Caminos, Canais e Portos e dos Enxeñeiros Industriais.

Así mesmo na orde de incoación da Concelleira delegada de contratación, patrimonio e xestión municipal, de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

I d) Proposta de gasto:

De acordo co informe de cuantificación económica que consta no expediente o nomeamento interino proposto neste expediente () supón o coste seguinte:

**CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE 3 ANOS (17-01/2022 A 16/10/2025)**

**ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS**

| <b>CUSTE TOTAL PROPOSTA</b>           | <b>ANO-2022</b>    | <b>ANO-2023</b>    | <b>ANO-2024</b>    | <b>ANO-2025</b>   | <b>Periodo ( 17/01/2022 a 16/01/2025) – TRES ANOS x 4 postos-</b> |
|---------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-------------------|---|
| Retribucións tot. ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS | 47.149,90 €        | 48.092,82 €        | 49.054,67 €        | 2.084,82 €        | <b>146.382,21 € x 4 postos = 585.528,84€</b>                      |
| Seguridade Social                     | 11.879,27 €        | 12.643,68 €        | 12.896,55 €        | 548,10 €          | <b>37.967,60 € x 4 postos = 151.870,40€</b>                       |
| <b>TOTAIS ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS</b>     | <b>59.029,17 €</b> | <b>60.736,50 €</b> | <b>61.951,22 €</b> | <b>2.632,92 €</b> | <b>184.349,81 € x 4 postos = 737.399,24€</b>                      |

**ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL**

| <b>CUSTE TOTAL PROPOSTA</b>   | <b>ANO-2022</b> | <b>ANO-2023</b> | <b>ANO-2024</b> | <b>ANO-2025</b> | <b>Periodo ( 17/01/2022 a 16/01/2025) – TRES ANOS x 4 postos-</b> |
|-------------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|---|
| Retribucións tot. ENXEÑEIRO/A | 47.149,90 €     | 48.092,82 €     | 49.054,67 €     | 2.084,82 €      | <b>146.382,21 € x 3 postos =</b>                                  |





## Concello de Vigo

|                                      |                    |                    |                    |                   |  |
|--------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|-------------------|--|
| INDUSTRIAL                           |                    |                    |                    |                   | <b>439.146,63€</b>                           |
| Seguridade Social                    | 11.879,27 €        | 12.643,68 €        | 12.896,55 €        | 548,10 €          | <b>37.967,60 € x 3 postos = 113.902,80€</b>  |
| <b>TOTAIS ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL</b> | <b>59.029,17 €</b> | <b>60.736,50 €</b> | <b>61.951,22 €</b> | <b>2.632,92 €</b> | <b>184.349,81 € x 3 postos = 553.049,43€</b> |

### **CUADRO RESUMO CUSTE TOTALIDADE PROGRAMA 3 ANOS ( (17/01/2022 A 16/01/2025 – 7 POSTOS)**

#### **ENXEÑEIRO/A CAMIÑOS CANAIS E PORTOS/ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS (SETE POSTOS)**

| <b>CUSTE TOTAL PROPOSTA</b>     | <b>ANO 2022</b>     | <b>ANO 2023</b>     | <b>ANO 2024</b>     | <b>ANO 2025</b>    | <b>Periodo ( 17/01/2022 a 16/01/2025) – TRES ANOS x 7 postos-</b> |
|---------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|--------------------|---|
| Retribucións totais sete postos | 330.049,30 €        | 336.649,74 €        | 343.382,69 €        | 14.593,74 €        | <b>1.024.675,47 €</b>   |
| Seguridade Social sete postos   | 83.154,89 €         | 88.505,76 €         | 90.275,85 €         | 3.836,70 €         | <b>265.773,20 €</b>   |
| <b>TOTAIS 7 POSTOS</b>          | <b>413.204,19 €</b> | <b>425.155,50 €</b> | <b>433.658,54 €</b> | <b>18.430,44 €</b> | <b>1.290.448,67 €</b>   |

O mesmo conclúe, “tendo en conta que o presente expediente supón un compromiso de gasto para exercicios futuros (2023, 2024 e, 2025) e, aos efectos de que os compromisos adquiridos para os exercicios futuros non comprometan a estabilidade orzamentaria, emítase o presente informe sen prexuízo da existencia dun órgano de fiscalización previa que deberá pronunciarse sobre os aspectos obxecto deste informe técnico en exercicio das funcións reservadas ao mesmo”

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do presente exercicio económico 2022 (11,5 meses), da totalidade dos exercicios 2023 e 2024 e, da metade do mes de xaneiro de 2025, no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes de seguridade social..

I e) Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiros/as Industriais e Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos , existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- *Que unha vez producidas as renuncias correspondentes, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Enxeñeiros/as Industriais por programa de carácter temporal asignados á Área de Fomento aos candidatos: C. Tapias Bouso, con DNI:\*\*\*8089\*\*, O. Parga Rodríguez con DNI:\*\*\*6529\*\* e C. Camino Loureiro con DNI:\*\*\*8286\*\*, e ao chamamento como Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos por programa de carácter temporal asignados á Área de Fomento, aos candidatos: F. Martínez Giraldez con DNI:\*\*\*7916\*\*, X. Paz Salgado con DNI:\*\*\*1832\*\*, M. Eiras Silva con DNI:\*\*\*0858\*\* e F. M. Marín Gómez con DNI: \*\*\*4977\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escrito que constan anexado ao expediente, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## II.- Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sr. Concelleira-Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 16/04/2021 e 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDO

I.- Declarar a urxencia do nomeamento de sete funcionarios/as interinos/as por execución do programa de carácter temporal - xestión das axudas do programa next generation UE- aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2021(Expte 1058-441). Elo ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso todos os nomeamentos ao finalizar o prazo de tres anos.

En consecuencia, autorizar o gasto total de 1.290.448,67 €, segundo o detalle establecido no informe técnico:

| CUSTE TOTAL PRO-POSTA           | ANO 2022     | ANO 2023     | ANO 2024     | ANO 2025    | Periodo ( 17/01/2022 a 16/01/2025) – TRES ANOS x 7 postos- |
|---------------------------------|--------------|--------------|--------------|-------------|--|
| Retribucións totais sete postos | 330.049,30 € | 336.649,74 € | 343.382,69 € | 14.593,74 € | <b>1.024.675,47 €</b>                                      |



## Concello de Vigo

|                               |              |              |              |             |                       |
|-------------------------------|--------------|--------------|--------------|-------------|-----------------------|
| Seguridade Social sete postos | 83.154,89 €  | 88.505,76 €  | 90.275,85 €  | 3.836,70 €  | <b>265.773,20 €</b>   |
| <b>TOTAIS 7 POSTOS</b>        | 413.204,19 € | 425.155,50 € | 433.658,54 € | 18.430,44 € | <b>1.290.448,67 €</b> |

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do presente exercicio económico 2022 (11,5 meses), da totalidade dos exercicios 2023 e 2024 e, da metade do mes de xaneiro de 2025, no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes de seguridade social.

**III.-** Nomear funcionarios interinos por execución de programa “xestión das axudas do programa next generation UE” de carácter temporal; como *Enxeñeiros/as Industriais aos candidatos*: C. Tapias Bouso, con DNI:\*\*\*8089\*\*, O. Parga Rodríguez con DNI:\*\*\*6529\*\* e C. Camino Loureiro con DNI:\*\*\*8286\*\*, e como *Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos, aos candidatos*: F. Martínez Giraldez con DNI:\*\*\*7916\*\*, X. Paz Salgado con DNI:\*\*\*1832\*\*, M. Eiras Silva con DNI:\*\*\*0858\*\* e F. M. Marín Gómez con DNI: \*\*\*4977\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**IV.-** Dispoñer que os referidos nomeamentos, fanse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: enxeñeiros/as de camiños, canais e portos, posto cód. 316; enxeñeiros industriais, posto cód. 281; sendo adscritos á Área de Fomento.

**V.-** Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase, segundo as necesidades do Servizo/Área que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**VI.-** Notificar o presente acordo ao funcionarios interinos nomeados, á xefatura do Servizo administrativo e control orzamentario, ao Servizo de administración electrónica, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(47).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez